Sobre o prazo para o remate das obras de rehabilitación das instalacións do Centro Público Integrado de San Vicente da Baña e as posibles medidas transitorias para evitar as dificultades da comunidade educativa

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 62760 (11/POC-011366)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre o criterio que ten o Goberno galego ante a proposta de implantar un sistema de gardas de vinte e catro horas e rotación diaria nos xulgados de instrución dos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 62766 (11/POC-011367)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Pérez, Moisés e 6 máis

Sobre os beneficios que se agardan da constitución da sociedade mixta Recursos de Galicia

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 62767 (11/POC-011368)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pardo López, Adrián e 6 máis

Sobre as reclamacións das asociacións de policía e gardas civís ao Ministerio do Interior por motivo do equipamento de protección sanitaria dos axentes que interveñen ante os inmigrantes ilegais

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 62771 (11/POC-011369)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma



Sobre a situación da pesca continental en Galicia, a existencia de estudos relativos ao estado dos ecosistemas fluviais e os plans de recuperación que ten ou prevé pór en marcha o Goberno galego
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 62780 (11/POC-011370)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Varela Fernández, Katherinie e 6 máis

Sobre as achegas do Goberno galego no debate respecto da orientación da política europea de cohesión no vindeiro período

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 62782 (11/POC-011371)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a situación da sanidade no interior de Galicia e as medidas que pensa adoptar o Goberno galego para garantirlle os seus dereitos sanitarios á poboación destas zonas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 62787 (11/POC-011372)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Varela Fernández, Katherinie e 6 máis

Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego co obxectivo de mellorar a situación dos traballadores transfronteirizos

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 62789 (11/POC-011373)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Varela Fernández, Katherinie e 6 máis

Sobre as medidas incorporadas en 2023 e o grao de execución acadado co obxectivo de cumprir o V Plan director da cooperación galega 2023-2026

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 62795 (11/POC-011374)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre o cambio de criterio da Axencia Galega da Industria Forestal na concesión das subvencións derivadas da Resolución do 26 de decembro de 2022 e o seu impacto nas pequenas e medianas empresas do sector

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 62801 (11/POC-011375)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre o balance da implantación do programa do Igape IG295-Galicia Exporta Empresas, orientado á proxección exterior das pemes galegas

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos



- 62809 (11/POC-011376)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 2 máis

Sobre as condicións que ofrece a última localización promovida polo Concello de Ponteareas para edificar o novo centro de saúde proxectado para esta localidade

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 62814 (11/POC-011377)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 2 máis

Sobre a eventual colaboración económica da Xunta de Galicia co Concello de Ponteareas para abrir unha escola infantil pública nesta localidade

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 62821 (11/POC-011378)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre a situación xerada pola contaminación da explotación mineira de San Fins, as súas causas, os controis previos exercidos pola Xunta de Galicia e as medidas que prevé adoptar en diante

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 62822 (11/POC-011379)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as análises de Augas de Galicia da calidade da auga do río Mendo, a información sobre os resultados e as medidas que vai adoptar para corrixir a contaminación e evitar problemas de saúde pública como os acontecidos en Betanzos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 62828 (11/POC-011380)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia verbo dun posible reforzo da liña de autobús Vigo-O Val Miñor e dun maior control do cumprimento de horarios por parte da empresa concesionaria

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 62833 (11/POC-011381)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 2 máis

Sobre a implicación económica da Xunta de Galicia no mantemento e na conservación da ponte dos Remedios e da ponte das Partidas, no concello de Ponteareas

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 62837 (11/POC-011382)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis



Sobre o impacto na frota galega do novo Regulamento de control da pesca aprobado no Parlamento Europeo e as actuacións que o Goberno galego pensa pór en marcha para a defensa do sector
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 62843 (11/POC-011383)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Varela Fernández, Katherinie e 6 máis

Sobre a actividade que vén desenvolvendo a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal e o balance que fai o Goberno galego do encontro de todas as agrupacións ibéricas de cooperación territorial desenvolvido en Vigo o pasado mes de novembro

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 62847 (11/POC-011384)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Queixas Zas, Mercedes

Sobre a intención da Xunta de Galicia verbo da creación dunha comisión para organizar un acto de celebración do aniversario do compositor galego Rogelio Groba e o impulso do Proxecto Groba, destinado a difundir o seu legado artístico

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 62853 (11/POC-011385)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Carreira Pazos, Iria

Sobre a situación en que se atopa a Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas e as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para mellorar a súa dotación humana e material

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 62859 (11/POC-011386)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a situación actual da atención sanitaria primaria na Fonsagrada, a repercusión da escaseza de facultativos e as vías para mellorar a dotación profesional do centro de saúde e do punto de atención continuada

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 62870 (11/POC-011387)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre a natureza da cobertura que os medios públicos galegos lle dan ao presidente da Xunta de Galicia en informativos e outro tipo de programas

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 62877 (11/POC-011388)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre as características do actual modelo eólico do Goberno galego

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos



- 62885 (11/POC-011389)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre a situación das instalacións do Centro de Saúde de Santa Comba e as previsións da Xunta de Galicia respecto do aumento do persoal facultativo e da asunción da súa titularidade polo Sergas
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2023

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE CULTURA
INCLUSIVA E ACCESIBLE DE GALICIA (NUM. EXPE. 11/PL-000026).**

Emenda nº1, de Modificación. Artigo 1

Proponse un novo contido para este artigo, que será redactado do seguinte xeito:

"Artigo 1. Obxecto

1. Esta lei ten por obxecto a promoción, protección, garantía e aseguramento do dereito á participación efectiva, inclusiva e accesible na cultura en Galicia, con especial atención a aquelas en que concorra algún factor de risco de exclusión cultural, en condicións de igualdade de oportunidades, de trato e sen discriminación de calquera tipo.
2. Para os efectos da regulación contida nesta lei, enténdese como participación efectiva, inclusiva e accesible aquela que se realice coa participación activa das persoas implicadas, conforme cos novos parámetros sociais e culturais respectuosos cos dereitos humanos, en igualdade de condicións e en calquera tipo de manifestación cultural, tanto na creación profesional, no fomento do talento, como no consumo e goce dos produtos e servizos ou no desenvolvemento de actividades de xestión cultural, sen prexuízo das medidas de inclusión que sexa preciso adoptar, tamén en relación á mobilidade persoal.
3. Para dar efectividade ao dereito de participación efectiva inclusiva e accesible, impulsarase a regulación e ordenación dun punto de asistencia especializada en materia de accesibilidade universal con perspectiva de xénero para o eido cultural, que funcione como vertebrador dos plans de accesibilidade de cada ámbito ou actividade cultural e que estará en coordinación e diálogo cos axentes implicados."

Emenda nº2, ao apartado 1.n), de Modificación. Artigo 2



Proponse una nova redacción para a alínea n) do punto 1, deste artigo, que terá o seguinte contido:

"n) Ser unha muller en contexto de prostitución ou ser vítima de trata de persoas."

Emenda nº3, ao apartado 1.n) bis), de Adición. Artigo 2

Débase crear unha nova alínea n) bis, que terá o seguinte contido:

"n) bis. Pertencer ao colectivo LGBTI."

Emenda nº4, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 2

No punto 2, deste artigo, onde di: "... para as persoas afectadas poderen acceder a determinados servizos ou actividades no ámbito da cultura.", debe dicir: "... para o acceso a determinados servizos ou actividades no ámbito da cultura."

Emenda nº5, ao apartado 1.d), de Modificación. Artigo 3

Na alínea d) punto 1, deste artigo, onde di: "... foren fixos, móbiles e mesmo espazos abertos, tales como teatros, ...", debe dicir: "... foren fixos, temporais ou móbiles, espazos públicos e mesmo espazos culturais, tales como teatros ..."

Emenda nº6, ao apartado b) bis), de Adición. Artigo 5

Débase engadir unha nova alínea b) bis, que terá o seguinte contido:

"b) bis. Aumentar a participación das persoas con discapacidade, tanto no acceso aos bens culturais como no desenvolvemento do seu potencial creativo, artístico e intelectual e a súa presenza positiva e non estigmatizada nos medios de produción cultural."



Emenda nº7, ao apartado d), de Modificación. Artigo 5

Na alínea d) deste artigo, onde di; "Pontenciar o emprego de medios analóxicos e servizos presenciais, cando for preciso, para lles facilitar ...", debe dicir: "Garantir o emprego de medios analóxicos e servizos presenciais, para lles facilitar ..."

Emenda nº8, ao apartado f) bis), de Adición. Artigo 5

Débese crear unha nova alínea f) bis, que terá o seguinte contido:

"f) bis. Promover actuacións destinadas a dar visibilidade á creatividade e ao talento artístico dos artistas de rúa."

Emenda nº9, ao apartado g), de Modificación. Artigo 5

Proponse unha nova redacción para a alínea g) deste artigo, que terá o seguinte contido:

"g) Promover unha arquitectura que avance en materia de espazos culturais física e cognitivamente accesibles, seguros e inclusivos."

Emenda nº10, ao apartado i), de Modificación. Artigo 5

Na alínea i) deste artigo, *ab initio*, onde di: "Promover ...", debe dicir: "Garantir ..."

Emenda nº11, ao apartado j), de Modificación. Artigo 5

Na alínea j) deste artigo, *ab initio*, onde di: "Promover ...", debe dicir: "Garantir ..."

Emenda nº12, ao apartado k), de Modificación. Artigo 5



Na alínea k) deste artigo, *ab initio*, onde di: "Fomentar a ...", debe dicir: "Garantir a ..."

Emenda nº13, de Modificación. Artigo 8

Proponse unha nova redacción e estrutura para este artigo, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 8. Deseño universal inclusivo e accesibilidade universal

1. Enténdese por deseño inclusivo aquel que promove servizos e produtos integradores que serven de igual modo a todas as persoas con independencia das súas capacidades diferenciadas, incluíndo os servizos de apoio para o uso e acceso aos produtos, servizos, edificios, entornas físicas ou virtuais e os medios.

2. As programacións culturais públicas coidarán de manter un equilibrio apropiado das actividades, pensadas e adaptadas a todo tipo de públicos e persoas asistentes, consonte os principios regulados nesta lei e tendo en conta as regras que, sobre deseño universal, establece a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.

Caso sexa preciso, deberán ser creados e facilitados aos públicos concernidos os recursos e as ferramentas que permitan o acceso e o gozo plenos da actividade, en igualdade de condicións que o resto de públicos.

A Administración pública autonómica promoverá a aplicación do equilibrio indicado no número 1 ás programacións culturais de iniciativa privada, e tamén o emprego de recursos e ferramentas que faciliten o seu gozo a todo tipo de públicos.

3. As administracións públicas promoverán que as súas accións culturais, incluídas a creación e a difusión de recursos e materiais, se realicen desde os principios do deseño universal, con especial atención á utilización de formatos abertos, reutilizables e accesibles. Isto non excluírá a posible necesidade do uso de produtos de apoio e a realización de axustes razoables para garantir a accesibilidade e a inclusión cultural, para o que se habilitará o instrumento correspondente que facilite a súa petición.



4. Impulsaranse políticas de accesibilidade en obras e compras públicas nos espazos e accións culturais en todo o territorio, así como a formación en discapacidade e accesibilidade dos profesionais da cultura e persoal de espazos culturais.

5. As administracións públicas, na asignación de fondos e orzamentos vencellados ao eido cultural, incorporarán as previsións de deseño inclusivo universal e accesibilidade universal, incluído os axustes razoables e produtos de apoio precisos, para dar eficacia ao esforzo orzamentario realizado na materia de modo coordinado."

Emenda nº14, de Adición. Artigo 8 bis

Débese crear un novo artigo 8 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 8 bis. Os medios de comunicación públicos

Os medios de comunicación públicos galegos deberán adecuar a súa programación ás necesidades dos colectivos obxecto desta lei, así como engadir subtítulos ou linguaxe de signos que apoien a identidade lingüística das persoas con discapacidade, tal e como obriga a Lei 13/2022 do 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual."

Emenda nº15, de Adición. Artigo 9

No punto 1, deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... sen esquecer os medios analóxicos e presenciais no caso de colectivos vulnerables que non teñan fácil acceso ás novas tecnoloxías."

Emenda nº16, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 9

No punto 2 deste artigo, onde di: "..., e promoverán as liñas de actuación que loiten contra a desinformación e contra as novas falsas a través dos medios dixitais.", debe dicir: "..., e nas que a



fenda dixital é maior, facilitando o acceso a equipos informáticos e a cobertura a internet."

Emenda nº17, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 10

No punto 1 deste artigo, débese eliminar a palabra: "... progresivamente ..."

Emenda nº18, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 10

No punto 2, deste artigo, *ab initio*, onde di: "Poderá ser acordado ...", debe dicir: "Acordarase ..."

Emenda nº19, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 10

No segundo parágrafo do punto 2, deste artigo, onde di: "... poderá impulsar o establecemento de mecanismos ...", debe dicir: "... impulsará mecanismos ..."

Emenda nº20, ao apartado 2, de Adición. Artigo 10

No punto 2 deste artigo, débese engadir *in fine*, o seguinte texto: "Paralelamente, establecerá medidas de acción positiva e apoios complementarios para que eses mecanismos non supoñan un prexuízo para as entidades privadas promotoras."

Emenda nº21, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 10

No punto 3, deste artigo, débense suprimir en todo o texto as expresións: "... valoración da ..."

Emenda nº22, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 10

No punto 2 deste artigo, débese suprimir a expresión: "... se é o caso ..."



Emenda nº23, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 10

Propónse unha nova redacción para o punto 4 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"4. Para xerar emprego nos sectores da cultura, a Administración pública autonómica incentivará e favorecerá a participación das persoas en que concorran algún factor de risco de exclusión social e laboral, entre os que se incluírán as persoas maiores de 50 anos e paradas de longa duración."

Emenda nº24, ao apartado 2, de Adición. Artigo 11

No punto 2 deste artigo, débese engadir *in fine*, o seguinte texto:

"..., así como do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia."

Emenda nº25, ao apartado 1, de Adición. Artigo 13

No punto 1, deste artigo, débese engadir *in fine*, o seguinte texto: "... . De igual xeito fomentarase o funcionamento de servizos como bibliotecas, bibliobuses, cineclubs e similares, que contribúan a evitar o despoboamento en zonas rurais deprimidas."

Emenda nº26, de Modificación. Artigo 14

Propónse unha nova estrutura e novo contido para este artigo, que quedará redactado do seguinte xeito:

"Artigo 14. Participación cultural no rural

1. A Administración pública autonómica impulsará, nos centros e espazos culturais previstos no artigo 3 e no desenvolvemento das manifestacións do ámbito cultural, medidas e programas específicos que, por si mesmos ou no marco doutros de carácter xeral, contribúan para reducir a discriminación das mulleres, con especial atención ás mulleres con dificultades de



inclusión social e cultural e/ou pertencentes a grupos especialmente vulnerables aplicando a perspectiva interseccional.

2. Fomentaranse as medidas necesarias para paliar o déficit de produción cultural feminina e para visibilizar a pegada feminina na cultura ao longo da historia e impulsarase a presenza de mulleres en todas as manifestacións culturais e nos postos de responsabilidade directiva e profesional.

3. As administracións públicas analizarán a información cultural en materia de xénero para detectar situacións de desigualdade aplicando a perspectiva interseccional e establecerá as medidas correctoras que se consideren oportunas coa colaboración de entidades."

Emenda nº27, de Adición. Artigo 14 bis

Débese crear un novo artigo 14 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 14 bis. Diversidade sexual e visibilidade LGBTI

1. As persoas, institucións, entidades, centros e espazos culturais previstos no artigo 3 establecerán medidas e programas específicos que, por si mesmos ou no marco doutros de carácter xeral, contribúan a combater, reducir e erradicar a discriminación por razón de orientación sexual.

Do mesmo xeito, promoveranse as accións necesarias para visibilizar a diversidade no ámbito da cultura, así como a contribución á cultura galega por parte de referentes culturais pertencentes ao colectivo LGBTI.

2. Nos arquivos históricos dependentes da Comunidade Autónoma promoverase, así mesmo, a creación de seccións específicas sobre a represión sufrida polo colectivo LGBTI ao longo da historia."

Emenda nº28, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 16

No punto 1 deste artigo, onde di: "... terase en conta a necesidade de incorporar contidos ...", debe dicir: "... incorporaranse contidos ..."



Emenda nº29, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 16

No punto 1 deste artigo, onde di: "... poderan preverse espazos ...", debe dicir: "... preveranse espazos ..."

Emenda nº30, ao apartado 1, de Adición. Artigo 16

No punto 1 deste artigo, débese engadir *in fine*, un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

"Do mesmo xeito, preveranse as medidas necesarias para engadir o coñecemento dos preceptos básicos da lei nos programas daquelas formacións regradas relacionadas coa cultura."

Emenda nº31, ao apartado 2, de Adición. Artigo 18

No punto 2 deste artigo, logo da expresión: ".. ao seu dispor, ...", débese engadir o seguinte texto: "..., tanto dixitais e audiovisuais como analóxicas en todas as súas formas, ..."

Emenda nº32, de Adición. Artigo 20 bis

Débese engadir un novo artigo 20 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 20 bis. Responsabilidade da Administración autonómica

1. A Administración autonómica establecerá liñas de axuda para subvencionar a adaptación dos espazos culturais, a implantación de dispositivos e sistemas para o goce inclusivo da cultura, a creación de produtos culturais inclusivos e accesibles, o deseño e execución de programas culturais inclusivos innovadores e a investigación en novos sistemas e dispositivos.

2. A Administración autonómica dotarase de sistemas e instrumentos de denuncia e reclamación efectivas que aborden a discriminación no eido cultural."



Emenda nº33, ao apartado 1, de Adición. Artigo 21

No punto 1 deste artigo, logo da expresión "... política social, ...", débese engadir o seguinte: "... do Consello da Cultura Galega, ..."

Emenda nº34, ao apartado 1, de Adición. Artigo 21

No punto 1 deste artigo débese engadir *in fine*, o seguinte texto: "..., de entidades asistenciais ou sociais, así como organizacións sindicais, de consumidores e do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia."

Emenda nº35, ao apartado 2, de Adición. Artigo 21

No punto 2 deste artigo, logo de: "... a participación institucional ...", débese engadir o seguinte: "...a auditoría da accesibilidade de todos os espazos, accións e servizos culturais adscritos á Xunta de Galicia, ..."

Emenda nº36, ao apartado 2, de Adición. Artigo 21

No punto 2 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"Con esta finalidade, elaborará un informe anual que será presentado no Parlamento de Galicia no primeiro semestre do ano seguinte."

Emenda nº37, ao apartado 3, de Adición. Artigo 21

Débese crear un novo punto 3, neste artigo, que terá o seguinte contido:

"O observatorio poderá crear grupos de traballo e contar coa participación de persoas expertas de recoñecido prestixio no ámbito da aplicación da Lei para o asesoramento no



cumprimento dos obxectivos e resolución das problemáticas que poidan xurdir."

Emenda nº38, de Modificación. Disposición adicional única

Onde di: "Disposición adicional única", debe dicir: "disposición adicional primeira"

Emenda nº39, de Modificación. Disposición adicional única

Ab initio, onde di: "No prazo de dous anos ...", debe dicir: "No prazo de un ano ..."

Emenda nº40, de Adición. Disposición adicional

Débese engadir unha nova disposición adicional, que de aprobarse a emenda núm. 38 sería a disposición adicional segunda, e terá o seguinte contido:

"Disposición adicional. segunda Desenvolvemento gráfico da lei

Solicitarase ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia que realice, no prazo de seis meses, o desenvolvemento gráfico desta lei."

Emenda nº41, de Modificación. Disposición derradeira primeira

Nesta disposición, onde di: "No prazo de dous anos ...", debe dicir: "No prazo de un ano ..."

Emenda nº42, de Adición. Disposición final cuarta

Débese crear unha nova disposición final cuarta, que terá o seguinte contido:



"Disposición final cuarta. Modificación Lei 5/2021, do 2 de febrero, de impulso demográfico de Galicia.

Un. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 88 ficando redactado como segue:

A Administración autonómica facilitará o acceso no territorio próximo aos recursos culturais, tanto no que a infraestruturas como a programación se refire de acordo co disposto na Lei galega de cultura inclusiva."

Emenda nº43, ao apartado II, de Adición. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na epígrafe II, no parágrafo que comeza por: "No ámbito da Unión Europea existen numerosos exemplos ...", débese engadir *in fine* o seguinte texto: "...Tamén no marco do Estado español, hai que destacar a Estratexia Integral Española de Cultura para Todos. Accesibilidade á cultura para as persoas con discapacidade aprobada no ano 2011 ou o Foro de Cultura Inclusiva regulado polo RD 1709/2011, do 18 de novembro."

Emenda nº44, ao apartado II, de Supresión. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na epígrafe II, débese suprimir no último parágrafo a seguinte frase: "... Sen dúbida, resulta un exemplo evocador do espírito desta nova norma."

Emenda nº45, ao apartado III, de Modificación. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No terceiro parágrafo da epígrafe III, onde di: "Desde o primeiro dos seus artigos, a lei deixa clara a súa intención ...", debe dicir: "No primeiro artigo, a lei explica a intención ..."

Emenda nº46, ao apartado III, de Modificación. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



No terceiro parágrafo da epígrafe III, onde di: "... fai unha aposta clara por conceptualizar unha serie de ...", debe dicir: "... conceptualiza unha serie de ..."

Emenda nº47, ao apartado III, de Modificación. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Propónse unha nova redacción para o quinto parágrafo desta epígrafe que comeza por: "En todo o seu articulado fica patente ...", quedará redactado co seguinte contido:

"No seu articulado establécense ferramentas no ámbito da colaboración e da cooperación, da difusión, da sensibilización, da formación ou do fomento e a obriga dos poderes públicos con competencias en materia de cultura de visibilizar e pór en valor a capacidade e o talento daqueles colectivos que queren crear cultura e que parten dun contexto de dificultade."

Asinado dixitalmente por:

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/11/2023
16:42:34**



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE CULTURA
INCLUSIVA E ACCESIBLE DE GALICIA (NUM. EXPE. 11/PL-000026).**

Emenda nº1, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 1

No apartado 1 do artigo 1 substituír o texto polo seguinte:

“Esta lei ten por obxecto promover e garantir a igualdade real de acceso á cultura daquelas persoas nas que concorra algún factor de risco de exclusión cultural, mediante a implantación das condicións materiais precisas, así como a remoción dos obstáculos que impidan e/ou dificulten a súa inclusión e accesibilidade na participación efectiva da vida cultural en todas as súas dimensións e vertentes; tanto en calidade de persoas receptoras, como creadoras e/ou na faceta de participación cultural en termos de igualdade ”

Emenda nº2, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 1

No apartado 2 do artigo 1 substituír o texto polo seguinte:

“Para os efectos da regulación contida nesta lei, enténdese como participación efectiva, inclusiva e accesíbel aquela que se leve a cabo en condicións de igualdade real para calquera tipo de actividade e/ou manifestación cultural; artellada arredor da consideración da cultura como un dereito humano e sometida a un diálogo constante coas persoas en risco de exclusión, así como cos grupos nos que estas estiveren integradas.”

Emenda nº3, ao apartado 1.q), de Adición. Artigo 2

Engadir un novo subapartado q) no apartado 1 do artigo 2 co seguinte texto:



“Ter a condición de falante en lingua galega ou desenvolver proxectos culturais en idioma galego.”

Emenda nº4, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 2

Suprimir o apartado 2 do artigo 2

Emenda nº5, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 3

Suprimir o apartado 3 do artigo 3

Emenda nº6, ao apartado 1.g), de Adición. Artigo 4

Engadir un novo subapartado g) no apartado 1 do artigo 4 co seguinte texto:

“Deseño inclusivo: É aquel que promove servizos e produtos integradores que serven de igual modo a todas as persoas con independencia das súas capacidades diferenciadas, incluíndo os servizos de apoio para o uso e acceso aos produtos, servizos, edificios, contornos físicos ou virtuais, así como os medios para o antedito acceso.”

Emenda nº7, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 6

Substituír o texto do apartado 1 do artigo 6 polo seguinte:

"A Administración pública galega fomentará e garantirá a pluralidade e diversidade nas distintas actividades e manifestacións culturais, eliminando calquera tipo de desigualdade e discriminación por razón de lingua, etnia, orixe, ideoloxía, relixión, opinión, xénero, orientación sexual e discapacidade ou calquera tipo de circunstancia ou condición persoal e/ou social.

Así mesmo garantirán a pluralidade respecto das persoas e a súa pertenza a grupos de persoas de maior idade; de migrantes; de persoas menores en situación de reclusión en centros de menores; de persoas reclusas nos cárceres e de



persoas cuxas condicións laborais e/ou económicas sexan precisas ou non suficientes para acceder nunhas mínimas condicións de igualdade á cultura, na súa vertente, como receptoras, como creadoras e/ou unha faceta de participación cultural en termos de igualdade.”

Emenda nº8, ao apartado 3, de Adición. Artigo 6

Engadir un novo apartado 3 no artigo 6 co seguinte texto:

“Para os fins sinalados nos apartados anteriores a Administración da Xunta de Galiza creará a Comisión Galega de inclusión cultural, na que estarán representadas as asociacións e organizacións sociais máis representativas dos diferentes ámbitos anteriormente aludidos, que crearán o correspondente marco xeral para a implantación cultural en igualdade e cuxa composición e funcionamento será desenvolvido regulamentariamente.”

Emenda nº9, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 9

No apartado 1 do artigo 9 substituír a primeira liña do parágrafo "Coa finalidade de garantir que os contidos culturais cheguen a todas as persoas, especialmente a aquelas" polo seguinte texto:

"Coa finalidade de garantir que os contidos culturais cheguen a aquelas persoas"

Emenda nº10, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 10

No apartado 2 do artigo 10 substituír o primeiro parágrafo polo seguinte texto:

"Co fin de eliminar e/ou paliar barreiras de tipo socioeconómico para aquelas persoas que carezan de recursos suficientes de acceso á cultura, os poderes públicos implantarán descontos ou bonos gratuítos que faciliten a súa participación efectiva nas actividades culturais, nos termos que se establezan en cada caso.”



Emenda nº11, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 10

Substituír o apartado 3. do artigo 10 polo seguinte texto:

“A Administración da Xunta de Galiza ditará as correspondentes directrices para a celebración de actividades culturais, que segundo a súa tipoloxía, deberán garantir o acceso en condicións de igualdade daquelas persoas nas que puiden concorrer algún factor de risco de exclusión cultural. Con tal fin, os poderes públicos elaborarán un libro branco de boas prácticas, cuxas directrices serán de obrigado cumprimento para aquelas actividades realizadas total ou parcialmente con fondos públicos.”

Emenda nº12, ao apartado 4, de Adición. Artigo 10

Engadir in fine no apartado 4. do artigo 10 o seguinte texto:

“Con tal fin os poderes públicos establecerán as correspondentes medidas de acción positiva, podendo asignarse cupos ou cuotas en materia de emprego nos diferentes ámbitos culturais.”

Emenda nº13, de Substitución. Artigo 11

Substituír a denominación do artigo 11 polo seguinte texto:

“Plan de deseño inclusivo e accesibilidade universais”

Emenda nº14, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 11

Substituír o apartado 1 do artigo 11 polo seguinte texto:

“A consellaría competente en materia de cultura elaborará un Plan de deseño inclusivo e de accesibilidade universal. Con tal fin, levará a cabo unha auditoría integral en materia de accesibilidade universais destinada especialmente a testar



espazos, bens, actividades culturais e servizos abertos ao público que contrastará coas necesidades específicas das persoas, tendo en conta as súas diversas capacidades para que todas as persoas poidan acceder á cultura en condicións de igualdade real e efectiva.

En concordancia co exposto no parágrafo anterior, a Xunta de Galiza levará a cabo políticas de accesibilidade con carácter transversal e garantirá a formación das persoas profesionais da cultura nesta materia.”

Emenda nº15, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 11

Substituír o apartado 2 do artigo 11 polo seguinte texto:

“O antedito Plan de deseño inclusivo e de accesibilidade universais estará integrado por medidas e acción transversais e específicas dirixidas a promover e garantir a cultura a todas as persoas, conforme ás súas diversas capacidades e deberá estar debidamente orzamentado.

A administración da Xunta de Galiza, na asignación de fondos e orzamentos vencellados ao ámbito cultural, incorporará as previsións de deseño inclusivo universal e de accesibilidade universal mediante a inclusión dos axustes razoábeis e produtos de apoio precisos, conforme os principios de eficiencia e eficacia.”

Emenda nº16, ao apartado 3, de Adición. Artigo 11

Engadir un novo apartado 3 no artigo 11 co seguinte texto:

“Para a elaboración do Plan ao que se refiren os apartados anteriores, a consellaría competente en materia de cultura contará coa participación das entidades, públicas e privadas, máis representativas dos intereses daquelas persoas nas que concorra algún factor de risco de exclusión cultural.”

Emenda nº17, ao apartado 4, de Adición. Artigo 11

Engadir un novo apartado 4 no artigo 11 co seguinte texto:



“O Plan será obxecto de implantación e posterior seguimento e avaliación, ao menos con periodicidade bianual e, no seu caso, procederase á súa correspondente revisión.”

Emenda nº18, ao apartado 5, de Adición. Artigo 11

Engadir un novo apartado 5 no artigo 11 co seguinte texto:

“A Xunta de Galiza promoverá a participación do terceiro sector social nas accións do dereito á participación efectiva, inclusiva e accesíbel na cultura para afortalar o recoñecemento e o exercicio efectivo dos dereitos socio-culturais; mellorar o coñecemento e a cobertura das necesidades da poboación sobre as que puiden concorrer algunha faceta de risco de exclusión cultural e avanzar, a través da cultura, cara a unha sociedade cohesionada e inclusiva. Con tal fin, os poderes públicos implementarán aquelas actuacións específicas que permitan a necesaria adecuación ás necesidades concretas de cada grupo de poboación.”

Emenda nº19, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 12

Substituír o apartado 1 do artigo 12 polo seguinte texto:

“A consellaría competente en materia de cultura impulsará medidas de acción positiva destinadas a promover o acceso á creación cultural por parte daquelas persoas con capacidades susceptibles de risco de exclusión cultural.
As medidas anteriormente aludidas serán incluídas no Libro branco de boas prácticas ao que se refire o apartado 3 do artigo 10, que serán elaboradas con adecuación ás necesidades concretas e específicas de cada grupo de poboación e coa debida participación de todos os grupos nos que concurra algunha faceta intermediada por algún factor de risco de exclusión.”

Emenda nº20, de Substitución. Artigo 15



Substituír o artigo 15 polo seguinte texto:

- “1. A lingua galega é un elemento troncal e instrumental da cultura galega. Por tal motivo, a Xunta de Galiza artellará medidas de acción positiva e destinará recursos suficientes, así como debidamente orzamentados para todo tipo de actividades e manifestacións culturais en galego, coa finalidade de acadar a súa normalización, tanto na creación profesional como na afeccionada; así como na produción, acceso, recepción, consumo e goce dos produtos e servizos culturais.
2. Co obxectivo de facer efectiva a necesaria inclusión e inculturación na lingua propia de Galiza, os poderes públicos, artellarán un Plan galego de inculturación, no que se incluírán todas as medidas e recursos aos que se refire o apartado 1 deste artigo, así como coa dotación orzamentaria e o correspondente procedemento de avaliación e seguimento referidos anteriormente.
3. O citado Plan, xunto coas medidas e recursos necesarios irán destinados a impregnar as actividades culturais de Galiza, internamente e cara ao exterior, eliminando todo tipo de minorización cultural endóxena, de tal maneira que todos grupos da poboación, sen exclusións, teñan acceso en igualdade de condicións a todo tipo de actividades e manifestacións culturais en lingua galega.
4. Para os efectos dos apartados anteriores, dedicarase especial atención aos recursos dixitais.”

Emenda nº21, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 18

Na liña 3 do apartado 1 do artigo 18 substituír a expresión "poderán promover" por "promoverán"

Emenda nº22, ao apartado 3, de Adición. Artigo 18

Engadir un novo apartado 3 no artigo 18 co seguinte texto:

“O contido dos apartados anteriores aplicarse á formación curricular das distintas etapas educativas.”



Emenda nº23, de Supresión. Disposición adicional única

Suprimir a Disposición adicional única

Emenda nº24, de Adición. Disposición adicional primeira

Engadir unha nova Disposición adicional primeira co seguinte texto:

"Coa finalidade de facer efectivo o obxectivo do artigo 1 da presente lei, a Xunta de Galiza, no prazo de seis meses, aprobará o correspondente proxecto de lei xeral sobre o sistema cultural da Comunidade Autónoma de Galiza, onde se estableza o réxime xurídico dos dereitos culturais de Galiza, así como a coordinación entre todos os departamentos e entidades públicas con competencias en materia cultural para garantir a todas as persoas, de maneira transversal e inclusiva, o acceso aos bens e servizos culturais e promover a súa participación efectiva na dupla dimensión como persoas consumidoras e como creadoras de cultura."

Emenda nº25, de Adición. Disposición adicional segunda

Engadir unha nova Disposición adicional segunda co seguinte texto:

"Co obxectivo de dar cumprimento ao preceptuado no apartado 3 do artigo 6 da presente lei, a Xunta de Galiza, no prazo de seis meses posteriores á súa entrada en vigor, levará a cabo a creación da Comisión Galega de Inclusión Cultural, mediante a aprobación do correspondente regulamento de organización de funcionamento."

Emenda nº26, de Adición. Disposición adicional terceira

Engadir unha nova Disposición adicional terceira co seguinte texto:



“Co obxectivo de dar cumprimento ao preceptuado no apartado 3 do artigo 10, a Xunta de Galiza, no prazo de seis meses, previo diagnóstico das dificultades e obstáculos que puideren obstaculizar o acceso á cultura daquelas persoas nas que concorra algún factor de risco de exclusión cultural, elaborará un libro branco de boas prácticas para o acceso á cultura en condicións de igualdade real.

Así mesmo, incluíranse no antedito libro branco de boas prácticas aquelas medidas de promoción da creatividade cultural ás que se refire ao artigo 12.1

A elaboración do antedito libro branco, será realizada coa participación daquelas entidades públicas e privadas representativas dos intereses das persoas ás que as anteditas boas prácticas van dirixidas.”

Emenda nº27, de Adición. Disposición adicional cuarta

Engadir unha nova Disposición adicional cuarta co seguinte texto:

“Para dar cumprimento ao establecido no artigo 11, a Xunta de Galiza elaborará, no prazo máximo de seis meses, a contar desde a entrada en vigor desta lei, un Plan de deseño inclusivo e de accesibilidade universal que estará integrado por medidas e accións transversais e específicas dirixidas a promover e garantir a cultura a todas as persoas, conforme ás súas diversas capacidades. Dito Plan estará debidamente orzamentado e deberá ser obxecto de seguimento e avaliación con carácter bianual.”

Emenda nº28, de Adición. Disposición adicional quinta

Engadir unha nova Disposición adicional quinta co seguinte texto:

“Co obxectivo de cumprir o preceptuado no artigo 15 desta lei, a Xunta de Galiza, no prazo de seis meses a contar desde a entrada en vigor do presente texto legal elaborará un Plan Galego de Inculturación en Lingua Galega, debidamente orzamentado que deberá ser obxecto de seguimento e avaliación con carácter bienal e, no seu caso, susceptible de revisión.”



Emenda nº29, de Adición. Disposición adicional sexta

Engadir unha nova Disposición adicional sexta co seguinte texto:

“Co obxectivo de dar cumprimento ao artigo 21 da presente texto legal, a Xunta de Galiza, no prazo de seis meses, a contar desde a entrada en vigor desta lei, creará un Observatorio da Cultura Inclusiva e accesíbel de Galiza, debidamente dotada a través do correspondente orzamento.”

Emenda nº30, de Supresión. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Suprimir o parágrafo 7 do punto II que vai desde "O noso ordenamento Xurídico..." até "...para superar as barreiras territoriais."

Emenda nº31, de Modificación. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Substituír na primeira liña do apartado III o texto “unha disposición adicional única” por “seis disposicións adicionais”.

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 23/11/2023 16:35:44





A Mesa do Parlamento

Ana Belén García Vidal, Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, Felisa Rodríguez Carrera, Adrián Pardo López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Durante a tempada de verán, os concellos turísticos galegos incrementan considerablemente a súa poboación, o que require un reforzo da vixilancia e seguridade.

Coñecedores das dificultades para as facendas municipais representa afrontar os compromisos económicos que o reforzamento dos cadros da policía local a Xunta de Galicia presta o seu apoio a través dunha convocatoria anual de subvencións promovida pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O obxectivo é dobre, por unha banda redobrar a vixilancia e poder garantir a seguridade de veciños e visitantes durante a tempada de verán e, á vez, reducir a carga económica que estas contratacións supoñen para os concellos que precisan deste reforzo de persoal.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é o balance que fai a Xunta de Galicia sobre o apoio que presta para a contratación de persoal de Policía Local nos concellos máis turísticos?

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén García Vidal na data 24/11/2023 10:42:40

Paula Prado del Río na data 24/11/2023 10:42:56

María Sol Díaz Mouteira na data 24/11/2023 10:43:08

María Felisa Rodríguez Carrera na data 24/11/2023 10:43:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2023 10:56:05
Nº Rexistro: 62614
Data envío: 24/11/2023 10:56:05.900

Pardo López, Adrián na data 24/11/2023 10:43:36

Katherinie Varela Fernández na data 24/11/2023 10:43:49

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-1JB2RpDv6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





A Mesa do Parlamento

Ana Belén García Vidal, Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, Felisa Rodríguez Carrera, Adrián Pardo López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, colabora cos concellos galegos na mellora das infraestruturas básicas e dos servizos municipais procurando satisfacer as novas necesidades da veciñanza.

Unha das ferramentas empregadas para articular estes apoios é a liña de subvencións para infraestruturas de uso público que, desde o ano 2009 materializáronse en equipamentos públicos de moi diversa tipoloxía, como a construción e mellora de parques infantís de titularidade municipal, a renovación das construcións máis antigas como a substitución dos vellos pavimentos por outros renovados e máis seguros, redes de luz pública, os parques infantís, a pavimentación de camiños, así como a rehabilitacións de dependencias municipais, entre outras.

A Dirección Xeral de Administración Local é o órgano encargado de manter e fomentar as relacións coas corporacións locais. Unha das súas principais competencias é o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución de liñas de subvención destinadas a elas.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia das actuacións realizadas ao abeiro desta orde?

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén García Vidal na data 24/11/2023 10:46:02

Paula Prado del Río na data 24/11/2023 10:46:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2023 10:56:38
Nº Rexistro: 62616
Data envío: 24/11/2023 10:56:38,213

María Sol Díaz Mouteira na data 24/11/2023 10:46:32

María Felisa Rodríguez Carrera na data 24/11/2023 10:46:47

Pardo López, Adrián na data 24/11/2023 10:47:01

Katherinie Varela Fernández na data 24/11/2023 10:47:14

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-1JB2RpDv6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





A Mesa do Parlamento

Begoña Freire Vázquez, Borja Vereja Fraiz, Paula Prado del Río, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Belén Salido Maroño, José Luis Ferro Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Polo Goberno central se ten anunciado en época electoral a posta en marcha dun plan para a dotación de vivenda pública por parte do Estado.

Así, anunciouse a mobilización de ata 50.000 vivendas da Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria (Sareb) para alugueiro asequible, a través de diferentes vías. Por unha banda, a través da posta a disposición dos municipios e comunidades autónomas, de vivendas da Sareb. Tamén mediante a promoción da construción de vivendas en solos propiedade da entidade.

O plan do Goberno central de posta a disposición de concellos e comunidades autónomas, sinalaba 1.285 vivendas da Sareb en Galicia. Sen embargo, a pesares dos moitos anuncios ao respecto feitos polo Goberno do Estado, aínda non foi posible executar ningunha adquisición polo Goberno galego, toda vez a entidade non oferta vivendas dispoñibles para ser cedidas ou adquiridas pola Xunta de Galicia, xa que as que ofrece ou non reúnen as condicións necesarias ou están emprazadas en concellos nos que non existe demanda de vivenda.

En outubro deste ano, tívose coñecemento da próxima posta en marcha por parte da Sareb, do Programa Viena, que se atopa incluído na addenda do plan de recuperación español aprobado pola Comisión Europea, e a través do cal se porá solo en dereito de superficie a disposición de promotores privados, con destino ao alugueiro.

Da información proporcionada pola sociedade pública, despréndese que o denominado Programa Viena executarase en varias fases que englobarían en total a 15.000 vivendas, que se construírían mediante colaboración público-privada.

O obxectivo deste programa, nunha primeira fase, é a construción de 3.500 vivendas de alugueiro asequible en 42 solos distribuídos en 10 autonomías, entre as que non se atopa Galicia.

Estes anuncios contrastan con actuacións que efectivamente se están levando a cabo, coma a que se está a desenvolver, no Concello de Santiago de Compostela, gobernado na actualidade polo BNG e Compostela Aberta.





Considera o Goberno galego que os nosos medios públicos están a cumprir a Lei 9/2011 no referido a imparcialidade e pluralismo democrático logo das últimas aparicións do actual presidente da Xunta de Galicia e candidato ás próximas eleccións autonómicas en programas de diversa índole da TVG e especialmente nos espazos informativos onde se da cobertura como presidente da Xunta a actos electorais do Partido Popular?

Santiago de Compostela, 29 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 62869
Data envío: 30/11/2023 15:35:48,152

Noelia Otero Lago na data 30/11/2023 10:56:12

Noa Susana Díaz Varela na data 30/11/2023 10:56:20

Paloma Castro Rey na data 30/11/2023 10:56:30

Pablo Arangüena Fernández na data 30/11/2023 10:56:39

CSV: BOPGDSPG-1JB2RpDv6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
230974

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Tendo en conta o contido da lei de medidas fiscais e administrativas que a Xunta de Galicia presenta como acompañamento á Lei de orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para 2024, a deputada e o deputado que asinan querén coñecer a resposta á seguinte pregunta:

Cal é o modelo eólico do Goberno galego na actualidade?

Parlamento de Galicia 30 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data **30/11/2023 12:54:50**

Gonzalo Caballero Míguez na data **30/11/2023 12:55:04**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación do centro de saúde de Santa Comba.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Santa Comba conta cuns servizos sanitarios que se atopan nun estado extremadamente precario.

A infraestrutura do centro de saúde, na que se engloba o PAC que presta asistencia a este concello e a Mazaricos, presenta a día de hoxe numerosas eivas que comprometen o benestar tanto do persoal coma da veciñanza que se achega ao mesmo. O tellado está en mal estado, con moitas das tellas rotas que provocan humidades e goteiras no interior do centro. Ademais, o seu mal illamento non só se traduce nestas filtracións de auga, senón que chega a dificultar a actividade diaria polo ruído da auga a bater na cuberta, que entorpece o entendemento nas consultas e na área administrativa.

A climatización do centro tamén é defectuosa, con áreas que no verán acadan altas temperaturas e outras que, a pesar da calefacción, permanecen frías todo o ano, o que provoca que moitas profesionais acaben traendo radiadores e calefactores para ter unha temperatura minimamente axeitada. Unha calefacción que funciona a base de pellets e que xa leva provocados varios sustos no centro, obrigando a abrir fiestras e ventilar, mais tamén a desaloxar o centro ou unha parte del, ou tamén incluso, a solicitar a presenza do equipo de bombeiros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os espazos do centro son escasos para a asistencia que prestan, de xeito que as consultas son compartidas en moitas ocasións: as consultas de farmacia e nutrición realízanse nas dependencias do PAC, a de traballo social ten lugar na consulta de odontoloxía, e para as clases de educación maternal é necesario botar man dunha sala de reunións que non permite o seu correcto desenvolvemento. Incluso chega a terse acumulada nos corredores durante anos información confidencial, historias clínicas que aínda están en papel, e que deberían atoparse nun arquivo nas debidas condicións que esixe a lexislación.

Ademais, este é un centro docente que recibe cada ano 3 novas facultativas MIR sen contar con ningunha consulta para elas, de xeito que a súa formación e a adquisición de maiores competencias queda supeditada a ausencias puntuais do persoal que poidan producirse para poderen contar con ese espazo. Tamén presenta eivas o mobiliario, por exemplo, cun sillón de odontoloxía en mal estado ou coa falta de persianas ou cortinas que garantan a intimidade das consultas.

Todo isto no contexto de que a día de hoxe o SERGAS aínda non asumiu a titularidade deste centro de saúde.

Mais as eivas non se limitan ao estado da infraestrutura, senón que o persoal tamén está a denunciar a sobrecarga de funcións e de traballo, por exemplo, pola utilización sistemática da figura da intersubstitución para suplir as ausencias, pois non se cobren de xeito reiterado estas faltas, independentemente do motivo que as provoca.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Dada a situación, cales son as medidas previstas acometer as melloras precisas no centro de saúde de Santa Comba?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2023

Asdo.: Iria Carreira Pazos
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 30/11/2023 18:08:04

María Montserrat Prado Cores na data 30/11/2023 18:08:10

Olalla Rodil Fernández na data 30/11/2023 18:08:51





A Mesa do Parlamento

Ana Belén García Vidal, Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, Felisa Rodríguez Carrera, Adrián Pardo López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Durante a tempada de verán, os concellos turísticos galegos incrementan considerablemente a súa poboación, o que require un reforzo da vixilancia e seguridade.

Coñecedores das dificultades para as facendas municipais representa afrontar os compromisos económicos que o reforzamento dos cadros da policía local a Xunta de Galicia presta o seu apoio a través dunha convocatoria anual de subvencións promovida pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O obxectivo é dobre, por unha banda redobrar a vixilancia e poder garantir a seguridade de veciños e visitantes durante a tempada de verán e, á vez, reducir a carga económica que estas contratacións supoñen para os concellos que precisan deste reforzo de persoal.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o balance que fai a Xunta de Galicia sobre o apoio que presta para a contratación de persoal de Policía Local nos concellos máis turísticos?

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén García Vidal na data 24/11/2023 10:40:47

Paula Prado del Río na data 24/11/2023 10:41:02

María Sol Díaz Mouteira na data 24/11/2023 10:41:13

María Felisa Rodríguez Carrera na data 24/11/2023 10:41:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2023 10:55:49
Nº Rexistro: 62613
Data envío: 24/11/2023 10:55:49.572

Pardo López, Adrián na data 24/11/2023 10:41:41

Katherinie Varela Fernández na data 24/11/2023 10:42:08

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-1JB2RpDv6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





A Mesa do Parlamento

Ana Belén García Vidal, Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, Felisa Rodríguez Carrera, Adrián Pardo López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, colabora cos concellos galegos na mellora das infraestruturas básicas e dos servizos municipais procurando satisfacer as novas necesidades da veciñanza.

Unha das ferramentas empregadas para articular estes apoios é a liña de subvencións para infraestruturas de uso público que, desde o ano 2009 materializáronse en equipamentos públicos de moi diversa tipoloxía, como a construción e mellora de parques infantís de titularidade municipal, a renovación das construcións máis antigas como a substitución dos vellos pavimentos por outros renovados e máis seguros, redes de luz pública, os parques infantís, a pavimentación de camiños, así como a rehabilitacións de dependencias municipais, entre outras.

A Dirección Xeral de Administración Local é o órgano encargado de manter e fomentar as relacións coas corporacións locais. Unha das súas principais competencias é o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución de liñas de subvención destinadas a elas.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Con que orzamento se dota esta liña de axudas?
- 2.- Que valoración fai a Xunta de Galicia das actuacións realizadas ao abeiro desta orde?

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2023 10:56:19
Nº Rexistro: 62615
Data envío: 24/11/2023 10:56:19.494

Ana Belén García Vidal na data 24/11/2023 10:44:21

Paula Prado del Río na data 24/11/2023 10:44:36

María Sol Díaz Mouteira na data 24/11/2023 10:44:48

María Felisa Rodríguez Carrera na data 24/11/2023 10:45:03

Pardo López, Adrián na data 24/11/2023 10:45:16

Katherinie Varela Fernández na data 24/11/2023 10:45:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-1JB2RpDv6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

Begoña Freire Vázquez, Borja Vereja Fraiz, Paula Prado del Río, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Belén Salido Maroño, José Luis Ferro Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

Polo Goberno central se ten anunciado en época electoral a posta en marcha dun plan para a dotación de vivenda pública por parte do Estado.

Así, anunciouse a mobilización de ata 50.000 vivendas da Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria (Sareb) para alugueiro asequible, a través de diferentes vías. Por unha banda, a través da posta a disposición dos municipios e comunidades autónomas, de vivendas da Sareb. Tamén mediante a promoción da construción de vivendas en solos propiedade da entidade.

O plan do Goberno central de posta a disposición de concellos e comunidades autónomas, sinalaba 1.285 vivendas da Sareb en Galicia. Sen embargo, a pesares dos moitos anuncios ao respecto feitos polo Goberno do Estado, aínda non foi posible executar ningunha adquisición polo Goberno galego, toda vez a entidade non oferta vivendas dispoñibles para ser cedidas ou adquiridas pola Xunta de Galicia, xa que as que ofrece ou non reúnen as condicións necesarias ou están emprazadas en concellos nos que non existe demanda de vivenda.

En outubro deste ano, tívose coñecemento da próxima posta en marcha por parte da Sareb, do Programa Viena, que se atopa incluído na addenda do plan de recuperación español aprobado pola Comisión Europea, e a través do cal se porá solo en dereito de superficie a disposición de promotores privados, con destino ao alugueiro.

Da información proporcionada pola sociedade pública, despréndese que o denominado Programa Viena executarase en varias fases que englobarían en total a 15.000 vivendas, que se construírían mediante colaboración público-privada.

O obxectivo deste programa, nunha primeira fase, é a construción de 3.500 vivendas de alugueiro asequible en 42 solos distribuídos en 10 autonomías, entre as que non se atopa Galicia.

Estes anuncios contrastan con actuacións que efectivamente se están levando a cabo, coma a que se está a desenvolver, no Concello de Santiago de Compostela, gobernado na actualidade polo BNG e Compostela Aberta.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal





A Sareb, a través da súa promotora Árqura Homes, é a sociedade propietaria da parcela do antigo colexio Peleteiro, no Concello de Santiago de Compostela.

Se ben se ten informado a través dos medios de comunicación da existencia de conversacións ou negociacións entre a sociedade controlada polo Estado e o Goberno municipal, para o fin de avaliar o proxecto a desenvolver na sinalada parcela, a realidade a día de hoxe é que a sociedade pública estatal, ten solicitado na parcela en cuestión, licenza para a construción de 40 apartamentos turísticos, 41 vivendas libres de luxo, con piscina e zona grellada, e un gran centro comercial de cinco plantas e máis de 11.000 metros cadrados de superficie.

O suposto compromiso da sociedade pública estatal era o de priorizar ofrecer os seus activos ás administracións públicas para que teñan unha utilidade social que permita incrementar o parque público de vivenda en España, pero a realidade é que a Sareb está a actuar de forma contraria a este obxectivo.

A proposta do Goberno municipal era a cesión da parcela ao Concello para destinala á construción de vivenda protexida, o que non se corresponde coa licenza solicitada.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración lle merece ao Goberno galego a actuación que se está levando a cabo no Concello de Santiago de Compostela por parte da Sareb e o Goberno local, na parcela do antigo colexio Peleteiro?

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Freire Vázquez, María Begoña na data 24/11/2023 10:47:53

Borja Vereza Fraiz na data 24/11/2023 10:48:10

Paula Prado del Río na data 24/11/2023 10:48:21

Carmen María Pomar Tojo na data 24/11/2023 10:48:32

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2023 10:56:58
Nº Rexistro: 62617
Data envío: 24/11/2023 10:56:58,978

Ramón Carballo Páez na data 24/11/2023 10:48:49

José Manuel Balseiro Orol na data 24/11/2023 10:49:02

María Belén Salido Maroño na data 24/11/2023 10:49:18

José Luis Ferro Iglesias na data 24/11/2023 10:49:34

Rubén Lorenzo Gómez na data 24/11/2023 10:49:51

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-1JB2RpDv6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Adrián Pardo López, Marisol Díaz Mouteira, María Felisa Rodríguez Carrera, Ana Belén García Vidal, Noelia Pérez López, Paula Prado del Rio e Katherinie Varela Fernández ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta oral en Comisión 1ª; Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

En 2018, España situábase no 5º posto do índice de Mulleres, Paz e Seguridade (Women, Peace and Security Index, WPS) realizado pola Universidade de Georgetown (EEUU). Dito estudo é un dos máis prestixiosos en canto a clasificación sobre os mellores e peores países para nacer muller.

Este índice actualízase todos os anos, e podemos comprobar como lamentablemente este ano España cae ata o posto 27.

Dende a saída do Partido Popular do Goberno central, a posición de España no índice de Mulleres, Paz e Seguridade só fixo caer pasando do 5º posto no 2018, ao 14º en 2021 e ata a 27ª posición este ano. Un fracaso absoluto no auto proclamado goberno "máis feminista" da historia.

O motivo é o empeoramento, dende 2018, en dúas categorías chave que mide esta investigación: a inclusión financeira das mulleres e a súa percepción de seguridade.

Esta última é a que máis cae: en 2017 situábase no 80,3%, é dicir, a porcentaxe de mulleres que dicía sentirse seguras en España, mentres que agora caeu ao 78%, un descenso de máis de dous puntos.





Hai que lembrar que a pasada lexislatura foi a da aprobación da “Lei do só sí e sí” e que supuxo un retroceso na defensa dos dereitos das mulleres: desde a súa entrada en vigor xa son máis de 1.205 violadores os que viron reducida a súa pena e máis de 121 saíron de prisión.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre a caída de España en máis de 20 postos dende o 2018 no ránking do índice de Mulleres, Paz e Seguridade realizado pola Universidade de Georgetown?

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2023.



Asinado dixitalmente por:

Pardo López, Adrián na data 24/11/2023 11:53:25

María Sol Díaz Mouteira na data 24/11/2023 11:53:44

María Felisa Rodríguez Carrera na data 24/11/2023 11:54:06

Ana Belén García Vidal na data 24/11/2023 11:54:23

Noelia Pérez López na data 24/11/2023 11:54:42

Paula Prado del Río na data 24/11/2023 11:54:57

Katherinie Varela Fernández na data 24/11/2023 11:55:14



Á MESA DO PARLAMENTO

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

Cando aínda non rematou, xa se dá por descontado que o ano 2023 vai ser con gran diferenza o máis cálido da historia da humanidade e están a pulverizarse todos os récores climáticos de temperatura terrestre, mariña, perda de xeo nos polos, etc, sendo tamén as consecuencias do cambio climático cada vez máis frecuentes e extremas, en forma de incendios, secas, riadas, etc.

Segundo o último informe do Observatorio Galego de Acción Climática titulado “As emisións de gases de efecto invernadoiro en Galicia 1990-2021”, elaborado con datos oficiais e publicado no 2023, “no descenso das emisións de GEI acontecido desde 1990 foi decisiva a desfosilización parcial do sector enerxético asentado na nosa terra. Con todo, as emisións por habitante de Galicia (7,1 toneladas en 2021) aproxímanse á media da UE (7,8) e son superiores ás emisións medias do mundo (6,3 en 2019) e da nosa contorna ibérica (6,1 en España; 5,5 en Portugal)”. O portavoz do observatorio sintetizou a situación da política climática galega sinalando que “A Xunta de Galicia non está facendo practicamente nada para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro” e que “a Estratexia Galega de Enerxía e Cambio Climático 2050 é inocua. Non hai nada destacable que se lle poda atribuír na redución de gases”.

A Estratexia galega de cambio climático, aprobada en outubro de 2019, prevé unha previsión de redución de emisións do 24 % para o ano 2030, cando o compromiso da Xunta a raíz da COP26 foi do 55 %, é dicir, máis do dobre da previsión da Estratexia, que en teoría é o principal instrumento planificador da Administración galega na loita contra o cambio climático e a transición enerxética, pero na realidade non planifica nada, estando case exclusivamente dedicada a describir a realidade xa



existente, é dicir, proporciona datos históricos, pero non concreta nin diseña políticas de cara ao futuro, polo que malamente se pode chamar estratexia. De feito, os datos que prevé a estratexia non van máis alá de 2016, o cal implica un desfase de 3 anos para unha estratexia aprobada a finais de 2019. En canto ao Plan rexional integrado de enerxía e clima 2019-2023, recolle 147 medidas das que moitas están pendentes de implementar, case sempre sen orzamento e mesturando todo tipo de medidas, moitas das cales non gardan relación estrita co cambio climático, e son manifestamente insuficientes para acadar un obxectivo de redución do 55 % en 2030, inalcanzable para Galicia a non ser que teña lugar en moi pouco tempo un cambio drástico das súas políticas.

Unha recente nota de prensa da Xunta informa de que esta “activará un servizo pioneiro de asesoramento técnico para promover en Galicia iniciativas públicas a privadas de adaptación ao cambio climático”, chamado Galicia Resiliente, e subtitula que “Rueda resalta que especialistas en diferentes áreas asesorarán sobre medidas e proxectos para se adaptar ao quentamento global”, ademais de considerar que Galicia é “líder na acción climática”. Pero –desmentindo as grandilocuentes afirmacións da nota de prensa- a Xunta vai subcontratar esa iniciativa por 256.000 € porque, segundo a memoria xustificativa da licitación, “actualmente a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático carece dos medios persoais e técnicos propios para poder levar a cabo ese servizo”, que tamén segundo a propia Xunta “é inasumible para un departamento que unicamente dispón de un (1) funcionario ao servizo da subdirección xeral que leve funcións en materia de cambio climático”.

Esta carencia de medios humanos é paralela á de recursos económicos: non existe no orzamento para 2024 ningunha partida específica dedicada á loita contra o cambio climático, experimentando ademais as políticas medioambientais unha diminución notable no seu orzamento.

Polo antedito, faise necesario coñecer a resposta ás seguintes preguntas:



1. É consciente o Goberno de Galicia de que as súas políticas contra o cambio climático son na práctica case inexistentes e en todo caso incompatibles co obxectivo de reducir en 2030 as emisións un 55 % con respecto ás de 1990?
2. Coñece o Goberno de Galicia as graves consecuencias e impactos que vai ter o cambio climático sobre a nosa comunidade nas próximas décadas?
3. Considera o Goberno de Galicia que un só funcionario nunha subdirección xeral é suficiente para atender as políticas da Xunta sobre cambio climático que, segundo o seu Plan estratéxico para 2030, é un dos tres grandes retos que ten Galicia?
4. É consciente o Goberno de Galicia de que a redución de gases de efecto invernadoiro que tivo lugar na nosa comunidade desde 1990 débese case na súa integridade ao peche das centrais térmicas?
5. Que medidas vai adoptar e que orzamento vai comprometer o Goberno de Galicia para loitar contra o cambio climático cumprindo o obxectivo de reducir as emisións de GEI nun 55 % no 2030?

Parlamento de Galicia, 24 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 24/11/2023 12:24:57

Paloma Castro Rey na data 24/11/2023 12:25:10



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

O Centro de Saúde do Vicedo, como tantos outros da provincia de Lugo e do resto de Galicia son un claro exemplo do ataque que a Xunta de Galicia, fai cara a Atención Primaria, base do sistema asistencial para construír unha sanidade próxima e de calidade. O desmantelamento dos servizos de atención primaria é unha constante do Goberno autonómico nos últimos anos.

O Centro de Saúde do Vicedo ten asignados dous profesionais de medicina de familia e dous de persoal de enfermería. Pero, dende hai bastante tempo, a realidade diaria que se está a vivir neste centro de saúde dista moito do que está reflectido nos papeis do Sergas. A realidade é que so hai un médico, e nin sequera a xornada completa, senón que só 4 horas ao día para atender urxencias. Das 14 horas diarias de atención médica que debería de haber neste centro de saúde só hai 4 horas.

Isto implica que a veciñanza do Vicedo careza dunha atención primaria de calidade que dea resposta ás súas necesidades sanitarias, xa que cando intentan solicitar unha cita, ben telefonicamente, ou ben a través da aplicación “Sergas Móbil”, aparéceselles unha mensaxe: “a axenda do profesional non dispón de ocos libres para pedir citas”, nin para consultas, nin para receitas, nin para renovación e prescrición IT-Alta IT, non vindeiros días.



Polo tanto, estase a incumprir a capacidade asistencial que ten asignada o centro, por moitas declaracións da Xunta de Galicia dicindo que hai “atención habitual” neste centro de saúde.

Cómpre recordar ademais que os nenos e nenas deste concello teñen o seu pediatra de referencia no Centro de Saúde de Viveiro, o cal está sen servizo de pediatría dende decembro do ano pasado, só con algúns parches.

Polo antedito, faise preciso coñecer a resposta ás seguintes preguntas:

1. Cando pensa a Xunta de Galicia repoñer ao completo os profesionais de Atención Primaria que ten asignados Centro de Saúde do Vicedo?
2. Considera o Goberno galego que a asistencia sanitaria en Atención Primaria está cuberta de maneira plena e total para a veciñanza do concello do Vicedo?
3. Pensa a Xunta de Galicia recuperar o servizo de pediatría dun xeito permanente no centro de saúde Viveiro?
4. Considera a Xunta de Galicia que na situación actual a Atención Primaria no Centro de Saúde do Vicedo está garantida?
5. Non pensa a Xunta de Galicia que coas condicións actuais que se están a dar no Centro de Saúde do Vicedo os profesionais que están a desenvolver a súa actividade nel o fan ao límite das súas capacidades?

Parlamento de Galicia, 24 de novembro de 2023





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2023 12:35:32
Nº Rexistro: 62643
Data envío: 24/11/2023 12:35:32.041

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 24/11/2023 12:18:16

Julio Torrado Quintela na data 24/11/2023 12:18:30

Marina Ortega Otero na data 24/11/2023 12:18:40

CSV: BOPGDSPG-1JB2RpDv6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
230994

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Gonzalo Caballero Miguez, Patricia Otero Rodríguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

O precurso de acredores cuxos trámites ten iniciado a empresa pesqueira Atunlo está a provocar incerteza e intranquilidade entre o seu persoal, así como na área de Vigo e na bisbarra do Salnés, toda vez que conta con fábricas en Cambados e O Grove a pesares de que a sede principal se atopa na cidade olívica. Trátase dunha empresa de referencia no sector mar industria que está afectada pola actual conxuntura económica.

Segundo ten trasladado a propia compañía, o obxectivo deste precurso de acredores pasa por solucionar a situación financeira e por reestruturar a súa débeda, nun escenario agravado a causa do encarecemento dos xuros e de incremento de custes de produción.

Cómpre que o Goberno galego se implique na busca de solucións e axude no que estea na súa man a Atunlo, apoiando unha empresa galega de referencia no sector dos túnidos e que conta con 400 persoas empregadas.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego a respecto da situación actual de Atunlo?



2. Que medidas de apoio ten previsto desenvolver o Goberno galego para axudar a garantir a viabilidade do emprego e da actividade de Atunlo?

Santiago de Compostela, 24 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 24/11/2023 13:31:55

Patricia Otero Rodríguez na data 24/11/2023 13:32:04

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/11/2023 13:32:14



Á MESA DO PARLAMENTO

Gonzalo Caballero Miguez, Noa Díaz Varela, Patricia Otero Rodríguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

O precurso de acredores cuxos trámites ten iniciado a empresa pesqueira Actemsa está provocando unha incerteza e intranquilidade entre o seu persoal, así como na área da Pobra do Caramiñal e no resto da bisbarra do Barbanza.

Segundo ten trasladado a propia compañía, o obxectivo deste precurso de acredores pasa por solucionar a súa situación financeira refinanciando a súa débeda, nun escenario agravado a causa do encarecemento dos xuros e no que pesan tamén factores económicos como a suba dos custes dos combustibles ou a evolución do prezo do atún.

Cómpre que o Goberno galego se implique na busca de solucións de futuro para Actemsa, apoiando unha empresa galega de referencia no sector dos túnidos e que conta cuns 400 empregados e empregadas.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego a respecto da situación actual de Actemsa?



2. Que medidas de apoio está desenvolvendo o Goberno galego para garantir a viabilidade do emprego e da actividade de Actemsa?

Santiago de Compostela, 24 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 24/11/2023 13:46:30

Noa Susana Díaz Varela na data 24/11/2023 13:46:41

Patricia Otero Rodríguez na data 24/11/2023 13:46:51

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/11/2023 13:47:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Diego Lourenzo Moura e Carmen Aira Díaz, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O tártago negro de patas amarelas, chamado cientificamente *Vespa velutina nigrithorax* e vulgarmente *vespa asiática* ou *velutina* a secas, leva xa connosco doce longos anos nos que deu probas sobradas da súa incidencia negativa no noso medio natural e da súa extraordinaria capacidade de adaptación e expansión.

É necesario recoñecer a estas alturas que a capacidade de resposta das administracións non estivo á altura da ameaza que esta especie invasora supón nin nas estratexias de control da súa expansión nin na necesaria investigación dos seus comportamentos no medio natural, das súas debilidades e posibilidades de erradicación ou cando menos control.

Foi o colectivo dos apicultores quen, preocupado polo futuro da súa actividade e polo equilibrio natural, comezou a buscar e ensaiar, desde o primeiro momento, varias maneiras e estratexias para o seu combate e control, dun xeito descoordinado e falto de apoio serio de parte do Goberno da Xunta, quen, no canto de tomar a iniciativa e liderar a loita contra esta especie invasora e o seu perigoso acomodo no noso medio natural, camiñou sempre a rebufo poñendo tímidas partidas de axudas non acordes coa importancia do problema.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nestes doce anos de veciñanza deste insecto invasor, a Xunta de Galiza, de modo contrario a outras administracións, amosou pouco interese en propiciar proxectos de investigación e guías técnicas para loitar contra esta especie.

É un feito constatable que non se avaliou seriamente a ameaza que este insecto invasor supón para o equilibrio natural. Non é só os danos que fai na poboación das abellas e por tanto na produción de mel, nin sequera na ameaza que para a vida e saúde humana representa., nin os danos na fruticultura e na horta... En concreto, no que afecta a saúde, cabe sinalar que desde a súa presenza xa leva unha decena de mortes en Galiza (a última, a dun home nesta pasada semana en Dumbría, mentres realizaba unha roza nun monte) e os numerosos e gravísimos accidentes por picada que se produciron na primavera-outono do último lustro con intervención de helicóptero ou ambulancia medicalizada). A súa voracidade e capacidade de exterminio nos insectos polinizadores é de feito unha ameaza para o futuro da alimentación humana e da biodiversidade vexetal.

Este ano 2023 en que andamos, a súa expansión foi brutal, chegando a todo o interior do noso país e facendo aparición en cotas por riba dos 1.200 m de altitude.

Os avisos ao 012 de niños tartagueiros para a súa destrución ou neutralización ten nos últimos anos unha medra considerable. Segundo datos de Seaga, que ten a encomenda deste labor, o 31 de outubro deste ano o número de niños avistados é o seguinte:

2020 : 33.003 (provincias Pontevedra, A Coruña, e norte de Lugo)

2021 : 29.538 (mesma área)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2022 : 34.509 (empeoramento na Coruña e Pontevedra, presenza significativa xa en Lugo e Ourense)

2023 : 45.463 + 8.000 avisos atendidos polo 112 por seren emerxencias (Lugo, presenza brutal, aumenta Ourense, e máis en Pontevedra e A Coruña).

É necesario dicir que os que se avistan son menos dun terzo dos que se calcula que existen e que non se ven. O trampeo resulta efectivo na primavera como primeiro freo para as raíñas que saen da hibernación, e logo durante o verán e o outono supón un xeito de catarse e vinganza, mais non resulta efectivo porque semella coma que cantas máis caen nas trampas, máis aparecen. Polo tanto, o trampeo só non vale.

Visto o considerable aumento de avisos e a presión brutal que sobre case todo o territorio se constatou este ano, todo parece indicar que para a próxima primavera o número de raíñas e de niños primarios vai ter un crecemento exponencial, polo que vai ser necesario plantexarse unha campaña de trampeo masivo e deseñado e tutelado desde a Administración.

O día 5 de novembro, no Congreso de control sobre este insecto que organizou a Asociación Galega de Apicultura (AGA) en Chantada en colaboración co GDR da zona e mais co Concello, foron presentadas experiencias de control remoto feitas en Asturias con resultados altamente positivos.

En síntese as estratexias alí expostas e co aval de varios anos de ensaios amosa como a máis efectiva a denominada técnica dos troianos, que consiste na captura de modo intensivo, e un por un, de exemplares de tártagos recolectores, aos que se inmoviliza e meticulosamente se lles coloca unha mínima carga de biocida no abdome e son liberados para que transporten este biocida ao niño. Ao cabo de poucos días a presenza de tártagos é case nula.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aquí, en Galiza, principalmente na costa atlántica, xa se tiñan feito experiencias deste tipo pero sen facelo de xeito sistemático e digamos que a dedicación completa.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

— Cales son as estratexias de investigación da Xunta de Galiza encamiñadas ao coñecemento e á posible erradicación do tártago negro de patas amarelas (*Vespa velutina nigrithorax*)?

— Que programas de investigación promove ou ampara economicamente a Xunta de Galiza na actualidade a respecto desta praga?

— Cales foron os fondos dedicados nestes dous últimos anos á investigación básica?

— E á investigación aplicada?

— Cal é a opinión do Goberno da Xunta a respecto das experiencias levadas a cabo tanto en Galiza coma en Asturias, Francia ou Portugal do chamado “control remoto” de niños e poboación do tártago negro de patas amarelas?

— Cal é a opinión do Goberno da Xunta de Galiza a respecto da manifesta necesidade dun trampeo primaveral masivo que non deba recaer sobre os apicultores e si ser deseñado e realizado de xeito oficial?

— Segundo a propaganda oficial, no primeiro semestre deste ano retiráronse 2.000 niños cun prazo de menos de 5 días hábiles de demora. Cales foron os efectivos humanos e materiais dedicados á retirada no primeiro semestre de 2023?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

— E no segundo semestre ?

— Cal foi o ritmo de ampliación de efectivos no segundo semestre?

— A mediados de xullo a presión sobre colmeas e froita era moi forte en todo o territorio, había máis de 14.000 avisos sen xestionar, o persoal revelouse a todas luces insuficiente, teñen pensado corrixir esta anomalía para o ano próximo ?

— Cal é a razón pola que visto o panorama deste ano e que segundo todas as previsións o ano próximo vai ser peor, como non se contempla nos orzamentos un aumento das dotacións para o control desta especie invasora?

— Como explica que na propaganda oficial se anime a poboación a chamar ao 012 para avisar da localización de niños cando logo pasan de 20 días na súa retirada para desespero da cidadanía?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2023

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Diego Lourenzo Moura

Carmen Aira Díaz

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 27/11/2023 11:35:58

Diego Lourenzo Moura na data 27/11/2023 11:38:04

María del Carmen Aira Díaz na data 27/11/2023 11:38:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a prestación asistencial e cobertura de vacantes de persoal sanitario no Centro de Saúde de Xinzo de Limia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de Saúde de Xinzo de Limia constitúe o principal referente sanitario non só da vila de Xinzo, senón de toda a comarca da Limia. Comarca cunha poboación de dereito -habitualmente inferior á real - de aproximadamente 20.000 habitantes, das que o 50% son mulleres, e case un 17% menores en idade infantil, cuxa atención sanitaria se presta dende o CS de Xinzo de Limia.

Dende hai anos a atención da saúde infantil da poboación da Limia está a sufrir un paulatino deterioro consecuencia da falla de cobertura, mesmo con amortización, das vacantes e baixas que se producen dentro do persoal sanitario.

Dende hai 8 anos o servizo de Saúde Infantil só conta cunha enfermeira, sendo amortizada a outra praza coa que contaba o Centro.

So hai matrona 12 días ao mes, estando as profesionais compartidas coa area sanitaria de Terras de Celanova (que a acude a Xinzo o 2 días á semana) e coa de Monterrei-Verín, que atende en Xinzo 1 día por semana. Como consecuencia desta precariedade as listas de agarda medran, tratándose de procesos de duración





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

determinada que non admiten demoras ni adiamentos, polo que cada vez son máis as persoas que non dispoñen da posibilidade de recibir formación pre e post/parto.

Dende hai meses o poboación da Limia dispón dun só pediatra para atender a unha poboación infantil de máis de 3000 pacientes. A baixa da outra pediatra coa que contaba o Centro de Saúde non foi cuberta, polo que o único facultativo dispoñíbel ten que asumir a carga asistencial da vacante, xunto coa propia do seu posto e as urxencias. Situación que provoca un grave deterioro da atención pediátrica (demoras de ate 6 meses nas revisións ordinarias, chegando mesmo a realizarse de xeito acumulado a do ano e medio coa de dous anos), e que pode agravarse nun futuro próximo coa anunciada xubilación do único pediatra co que conta o Centro de Saúde.

Dende o BNG consideramos urxente a inmediata cobertura das prazas vacantes de persoal sanitario no Centro de Saúde de Xinzo de Limia, así como que adopten as previsións necesarias para evitar que se reproduza no futuro esta situación de desatención sanitaria á poboación da Limia.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Cal é a razón da amortización dunha praza de enfermeira, ficando reducido o servizo a unha soa profesional?

Ten previsto a Xunta de Galiza recuperar o cadro de persoal de enfermería co que contaba o CS de Xinzo de Limia?

Entende a Xunta de Galiza que coa atención de matronas 12 días ao mes, prestado por profesionais que comparten a prestación de servizos do centro de saúde a



da Limia cos de Celanova e Monterrei-Verín, respectivamente; están cubertas de abondo a as necesidades e formación pre e post parto da poboación da Limia?

Que actuacións ten previsto realizar a Xunta de Galiza para a cobertura da vacante, primeiro temporal, por baixa, e posteriormente definitiva por traslado dunha facultativa especialista en pediatría?

En que prazo considera a poboación da Limia contará novamente con dúas pediatras?

Dado que está prevista a próxima xubilación do único pediatra que, actualmente, presta servizos no CS de Xinzo de Limia, vai adoptar a Xunta de Galiza algunha medida para evitar se reproduza a situación de desatención actual?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/11/2023 12:02:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 27/11/2023 12:06:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o seguimento folga das profesionais da quenda de oficio e actuacións realizadas pola Xunta de Galiza para solucionar o conflito.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 21 de novembro iniciouse un proceso de folga indefinida das profesionais da avogacía e da procuradoría adscritas á quenda de oficio, como medida de conflito colectivo na reclamación e defensa das demandas de dignificación e mellora do servizo de asistencia xurídica gratuíta e da quenda de oficio.

O lexítimo exercicio do dereito de folga por parte destas profesionais, que esta a contar cun importante seguimento na Galiza, esta a afectar o normal desenvolvemento da actividade dos xulgados e tribunais provocando a suspensión tanto de xuízos ou vistas, como de dilixencias e declaracións xudiciais, non constando a aprobación do servizos mínimos de necesaria prestación, ficando ao criterio das profesionais en folga, non constando, a día de hoxe, a existencia de ningunha actuación urxente que deixara de ser atendida, o que, máis unha vez, evidencia a enorme responsabilidade das profesionais que prestan este servizo esencial para a protección dos dereitos e liberdades de todas as persoas.

A existencia de diferentes procesos de conflito colectivo – a folga de funcionarias dos corpos de xestión, tramitación e auxilio que no ano 2018 paralizou o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

funcionamento dos xulgados e tribunais galegos durante 4 meses; ou a máis recente folga das funcionarias do corpo de letrada/os da administración de Xustiza – , xunto cunha planta xudicial inferior á que demanda á realidade galega, con un número importante de órganos xudiciais de distintos ordes que soportan unha elevadísima carga de traballo, está a provocar un importante incremento dos tempos de resolución dos procedementos nuns órganos xurisdicionais que xa viñan sufrindo as demoras consecuentes aos déficits nos seus cadros de persoal.

E por iso que dende o BNG vimos manifestar a nosa preocupación polos efectos que este novo conflito colectivo prantexado pola falla de vontade de dialogo e negociación por parte da Xunta de Galiza, poida ter no funcionamento dos órganos xudiciais de Galiza e na resolución das controversias que se ventilan ante os mesmos, e por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Cal é o número de vistas, xuízos orais e declaracións suspendidas no xulgados e tribunais de Galiza como consecuencia da folga indefinida iniciada o día 21 de novembro?

En que órganos xurisdicionais de Galiza se produciron suspensións de actuacións xudiciais?

Cales son os servizos mínimos de obrigada prestación durante do proceso de conflito colectivo?

Quen os fixou?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Quen previsto a Xunta de Galiza a elaboración e aprobación dalgún plan para paliar o atraso na tramitación dos procedementos derivado deste proceso de conflito colectivo?

Cal é o posicionamento da Xunta de Galiza sobre as demandas presentadas polas profesionais da avogacía e procuradoría que atenden o servizo de xustiza gratuíta?

Cantas reunións ou conversas mantivo a Xunta de Galiza tras o 21 de novembro coa representación das profesionais en folga?

En que consistiron? Con que resultado?

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/11/2023 12:53:20

Iria Carreira Pazos na data 27/11/2023 12:56:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 27/11/2023 12:56:29



Á MESA DO PARLAMENTO

Noa Díaz Varela, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 6ª**.

A entidade *Green Capital Power S.L* está a promover o Parque Eólico Monte Inxerio, que afecta tanto a monte comunal como a propiedades de particulares dos concellos de Ordes e Cerceda.

Segundo o publicado no DOG do 2 de xuño de 2023, o parque terá as seguintes características técnicas:

.Once (11) aeroxeneradores Siemens Gamesa SG 132-3,465 de 3,465 MW de potencia nominal unitaria, 5 deles de 114 m de altura de buxe e os 6 restantes de 134 metros. Todos de 132 m de diámetro de rotor e con 180 e 200 m de punta de pala, respectivamente.

.Once (11) centros de transformación de 3.900 kVA de potencia nominal unitaria e relación de transformación 0,69/30 kV, instalados unitariamente no interior de cada aeroxenerador, co seu correspondente equipamento de seccionamento, manobra e protección.

. Rede de media tensión soterrada para evacuación de enerxía a 30 kV, de interconexión entre os centros de transformación dos aeroxeneradores 0,69/30 kV e a subestación transformadora 220/30 kV, composta por 3 circuitos con condutores tipo RHZ1-2OL 18/30 kV Al+H16 de distintas seccións (95-630 mm2).



- . Torre meteorolóxica de 136 m de altura total
- . Subestación transformadora 30/220 kV, con edificio de control, para evacuación de enerxía producida no parque eólico.
- . Liña de interconexión aérea de alta tensión a 220 kV entre a subestación eléctrica transformadora e o apoio núm. 83 da LAT 220 kV Campelo-Mesón, formada por dobre circuíto de 261,72 m e tensión entre fases 220 kV, condutor LA-455 dúplex de sección 455 mm² e trazado de 1 vértice e 3 apoios.
- . Obra civil consistente en camiños de acceso aos aeroxeneradores, subestación, edificio de control, cimentacións, plataformas de aeroxeneradores e zanxas de cableado.

Loxicamente, a veciñanza da zona está fondamente preocupada polo impacto deste parque tanto no económico -trátase dun territorio con forte actividade agrogandeira- como no medioambiental e sanitario.

E ante a situación de indefensión na que se atopan, os veciños e veciñas afectados constituíron unha asociación para xestionar o estudo, seguimento e presentación de alegacións ao proxecto, que podería estar en fraude de lei por canto sexa resultado dun fraccionamento para evitar os efectos dunha avaliación ambiental máis restritiva.

Por iso, faise necesario coñecer a resposta ás seguintes preguntas:

1. Entende o Goberno galego que o proxecto do parque eólico do monte Inxerio é un parque fragmentado?
2. Como valora o Goberno galego as alegacións realizadas pola veciñanza de Mercurín (Ordes) a respecto deste parque eólico?



3. Ten valorado o Goberno galego a afectación que ese parque suporía para a veciñanza máis próxima?

4. Prevé a Xunta de Galicia algún tipo de actuación sobre os impactos que producirá este parque eólico na saúde das persoas e no medio ambiente?

Parlamento de Galicia, 27 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/11/2023 16:19:16

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/11/2023 16:19:30

María Leticia Gallego Sanromán na data 27/11/2023 16:19:45



Á MESA DO PARLAMENTO

Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa **resposta oral** en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

A cidadanía galega sinala que asuntos económicos coma a suba dos prezos, a calidade do emprego e o paro son os problemas que máis lle preocupan actualmente. Nun recente estudo, o Banco de España sinala que no 2021 o 16% da cidadanía galega vivía en fogares que gastaban máis do que ingresaban, polo que tiñan que recorrer a aforros, a préstamos de coñecidos ou familiares ou a créditos bancarios. Pero cómpre sinalar que a evolución á alza dos prezos foi máis aló de 2021, polo que a perda de capacidade adquisitiva das familias galegas aumentou substancialmente dende ese ano e esa porcentaxe de poboación agrandouse nos tempos que vivimos. De feito, os datos oficiais reflicten que en 2023 a metade das familias galegas chegan con dificultades a fin de mes.

Certo é que esa porcentaxe do 16 % en 2021 é menor que o dato da maiorías das comunidades autónomas, pero tamén sabemos que a inflación foi e está sendo máis alta en Galicia que no conxunto de España. Pensemos que en outubro de 2023 en Galicia os alimentos e a cesta da compra subiron cerca do 10 % respecto ao ano anterior, mentres a inflación situouse no 3.6 %. Certo é que a inflación modérase e que a taxa de crecemento caeu, mais os prezos seguen subindo, polo que cómpre que o goberno da Xunta aborde esta situación e tome medidas de calado.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que medidas vai adoptar o goberno da Xunta de Galicia para evitar a situación de vulnerabilidade de milleiros de fogares galegos que gastan máis do que ingresan cada mes?

Santiago de Compostela, 27 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 27/11/2023 16:19:38

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/11/2023 16:19:46



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 4ª**.

Tal e como se recolle na Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica la Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOMLOE), a educación é un factor fundamental en calquera sociedade, posto que dela dependen o benestar individual e o colectivo. E establece que *“a educación é para calquera persoa o medio máis axeitado para desenvolver as súas capacidades, construír a súa personalidade, conformar a súa propia identidade e configurar a súa comprensión da realidade, integrando a dimensión cognoscitiva, a afectiva e a axiolóxica, e para a sociedade é o medio máis idóneo para transmitir e, ao mesmo tempo, renovar a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan, sacar as máximas posibilidades das súas fontes de riqueza, fomentar a convivencia democrática e o respecto ás diferenzas individuais, promover a solidariedade e evitar a discriminación, co obxectivo de acadar a necesaria cohesión social”*.

Xa que logo, a educación pública debe ser universal, gratuíta e de calidade, e garantir o acceso a todo o alumnado en condicións de igualdade, sendo o servizo de comedor escolar un dereito que debe ser garantido, porén na nosa comunidade autónoma non existe unha xestión que garanta a igualdade de trato a todo o alumnado escolarizado en centros públicos, sendo en moitos casos as propias ANPA as que teñen que xestionar este servizo, cando é unha competencia da Xunta de Galicia, e sen que a axuda publicada pola Xunta de Galicia sexa suficiente para costear este servizo fundamental.



O CRA (Colexio Rural Agrupado) Nosa señora do Faro presta atención educativa nas parroquias rurais de Ponteceso, Cabana e Malpica de Bergantiños neste curso escolar 2023-24, coa novidade de que iniciou unha exitosa experiencia de atención educativa co servizo de comedor escolar, que en Ponteceso só tiña ata hoxe o CEIP Eduardo Pondal de Ponteceso. Non obstante, para que o alumnado non teña que ser desprazado en vehículos particulares dos pais, nais ou responsables encargados, estase a facer en taxi, aboado de momento polo centro con cargo ao seu orzamento de funcionamento, pero as familias teñen que aboar a totalidade do custe do comedor e é difícil que o centro poida seguir costeando o servizo diario de taxi. Traslada esta problemática á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades non hai solución a este problema, e por parte Consellería de Educación enviouse unha circular aos equipos directivos co seguinte contido: “Os equipos directivos deben velar por un servizo de comedor en condicións de igualdade de acceso evitando discriminacións tales como obrigar as familias a asociarse á ANPA como requisito para empregar o comedor escolar. A Administración educativa debe impedir restricións na xestión ou o acceso a alumnado a un espazo público educativo do centro escolar en condicións abusivas”, é dicir, que a consellaría non se facía cargo. A isto súmase que as axudas ás ANPA para os gastos do menú escolar de recente convocatoria, non chegan aos 70 céntimos como máximo por menú, algo insultante dados os prezos actuais alimentarios.

A pesar de tantos atrancos, para impulso do seu centro educativo, as nais e pais do alumnado do CRA Nosa Señora do Faro decidiron habilitar en setembro deste ano un comedor escolar nas propias instalacións do CRA para evitar desprazamentos das familias, que se perda alumnado por non ter comedor, e prolongar a atención educativa ao alumnado con bos hábitos alimentarios e de autonomía persoal dende educación infantil. Incluso adquiriron cos seus propios medios a menaxe necesaria e empregaron o comercio local como subministradores do material necesario para a elaboración dos menús, sen que por parte da consellaría se estea ata o de agora facilitando a igualdade de trato nin colaborando economicamente coa prestación do servizo, pese a que os das escolas rurais están en desvantaxe con respecto ao resto do alumnado.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:



1. Considera a Xunta de Galicia que esta é a maneira de garantir a igualdade entre o alumnado dos centros públicos na nosa comunidade?
2. Que solución ofrece o Goberno galego, ao alumnado do CRA Nosa señora do Faro para o servizo de comedor?

Parlamento de Galicia, 27 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/11/2023 11:54:01

Noelia Otero Lago na data 27/11/2023 11:54:12

Noa Susana Díaz Varela na data 27/11/2023 11:54:22





Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Belén Salido Maroño, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez e Begoña Freire Vázquez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa, a seguinte **pregunta para o súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O tren en Galicia é un servizo de transporte de competencia do Goberno central que non deixa de acumular malas noticias. Entre outros problemas, é ben coñecida a incerteza que se cerne sobre a entrada en funcionamento dos trens Avril, que está a impedir que o AVE chegue máis aló de Ourense; que moitos dos servizos eliminados por mor da pandemia da Covid-19 aínda non se restableceron, algúns dos cales Renfe se nega a recuperar, como é o caso dos trens hotel; ou a multitude de incidencias que están a acumular os servizos, nomeadamente na liña do Eixo Atlántico, que van desde retrasos continuados a falta de prazas ou avarias.

Resulta sorprendente que ante un evidente incremento da demanda, debida en boa medida á gratuidade ou ás bonificacións que se están a aplicar no transporte ferroviario, o Goberno central non amplíe a oferta para dar unha resposta axeitada ás necesidades.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formula a seguinte pregunta en Comisión:

Como valora o Goberno galego as continuas deficiencias rexistradas nos últimos meses no servizo de transporte ferroviario que se está a prestar en Galicia?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 27/11/2023 17:39:26

Carmen María Pomar Tojo na data 27/11/2023 17:39:55

Ramón Carballo Páez na data 27/11/2023 17:40:11

María Belén Salido Maroño na data 27/11/2023 17:40:22

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2023 17:44:07
Nº Rexistro: 62720
Data envío: 27/11/2023 17:44:07.134

José Luis Ferro Iglesias na data 27/11/2023 17:40:33

Rubén Lorenzo Gómez na data 27/11/2023 17:40:48

Freire Vázquez, María Begoña na data 27/11/2023 17:41:04

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-1JB2RpDv6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a urxencia de a Xunta acometer as melloras no servizo de abastecemento de auga comprometidas no concello de Betanzos e solucionar os problemas de calidade da auga no río Mendo no que ten a captación este concello.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Betanzos ten a captación do seu sistema de abastecemento de auga potábel na bacía do río Mendo, no lugar da Acea, na parroquia de Bravío. No cauce do río, desde hai varias décadas, hai un azude para que a planta de captación poida succionar caudal suficiente para bombear á Estación Potabilizadora ubicada no lugar do Coto, parroquia de Requián.

O goberno galego asinou un convenio co Concello de Betanzos en xullo de 2016 no que se comprometía un orzamento dun millón de euros para melloras no servizo de abastecemento de auga e a capacidade dos procesos de potabilización. Augas de Galiza comprometíase con este convenio á realización dunha serie de obras de mellora que se levarían a cabo entre o 2016 e o 2019. A realidade foi outra, dado que a día de hoxe as obras están aínda por rematar, sufriron varias modificacións con respecto ao anuncio inicial- deixando sen renovar, por exemplo, a captación- e esixiron maiores achegas de cartos por parte da Facenda municipal e de sucesivas ampliacións de prazos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mentres tanto, a veciñanza de Betanzos continuou a soportar recorrentemente episodios onde a mala calidade do abastecemento domiciliario de auga era constante, ben pola turbidez da auga subministrada como a consecuencia dos recorrentes episodios de contaminación que padece o Mendo ao longo de todo o seu percorrido, ben desde puntos de vertedura descoñecidos e de índole particular como debido aos fallos da rede pública de saneamento dos distintos concellos que dan beira con el.

Os continuos vertidos teñen ocasionado mesmo o peche da área de baño habilitada na parroquia de Reboredo, en Oza, debido á contaminación das augas. Como consecuencia, as análises da auga feitas pola Dirección Xeral de Saúde Pública detectaron contaminación biolóxica -un exceso de bacterias con unha carga de até 2.000 partículas por cada cen mililitros de auga- polo que se desconsellou o baño na zona, que o goberno galego e mais o executivo local resolveron riscando Reboredo das zonas de baño de Galiza, en vez de acometer as melloras nas redes de saneamento e vixilancia ambiental do cauce que debiera terse realizado.

Así as cousas, e con recorrentes episodios de vertedura que desde o BNG se veñen trasladando tanto aos Concellos afectados como ao Parlamento, o pasado 28 de maio transcendía unha intoxicación masiva entre a veciñanza de Betanzos. Se ben desde o centro de saúde se apuntaba á orixe da mesma na traída, os responsábeis sanitarios e municipais desmentiron tal extremo baseándose nunhas analíticas limitadas da empresa concesionaria até case unha semana despois. Desde entón, a localidade ten restricións sobre o consumo de auga e a concesionaria do servizo detectou, apenas hai uns días, o enésimo vertido ao río Mendo, augas arriba da captación da Acea, entre Oza-Cesuras e Coirós.

Se ben corresponde ao Concello de Betanzos o abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario, a rede de sumidoiros e o tratamento das augas residuais, o artigo 4 da Lei 9/2010, de Augas de Galiza, establece como competencias





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da Xunta de Galiza en materia de augas, entre outras, a competencia exclusiva sobre as augas que discorren integramente dentro do territorio da Comunidade Autónoma para a súa ordenación administrativa ou xestión e protección de recursos hídricos e ecosistemas acuáticos e vinculados á auga.

Para xestionar as súas competencias, a Xunta ten creado o organismo Augas de Galiza, que ten por competencias, conforme ao artigo 11 da Lei de Augas de Galiza, entre outras, a ordenación dos servizos de abastecemento e de saneamento ou a autorización e o control das verteduras de augas urbanas ou industriais ao dominio público hidráulico, entre outras.

Finalmente, consonte o artigo 32 da mesma Lei declárase de interese da Comunidade Autónoma de Galicia o servizo de depuración de augas residuais urbanas, que inclúe a regulación, a planificación, a aprobación definitiva de proxectos, a construción e a xestión, a explotación e o mantemento das estacións depuradoras de augas residuais, as redes de colectores xerais e as conducións de verteduras que formen parte do Plan galego de saneamento e que estean declaradas como tales actuacións de interese da Comunidade Autónoma.

En consecuencia, malia seren unha competencia municipal, é competencia da Xunta garantir que as augas residuais que retornan aos ríos estean debidamente depuradas, así como o control e clausura de toda vertedura sen amparo legal.

Doutra banda, o norovirus que ten causado a clausura da traída betanceira, é un virus que só se transmite entre humanos, conforme teñen indicado as autoridades sanitarias. Quere dicir isto que, necesariamente, o vertido que ten contaminado a auga do servizo de abastecemento desde a captación se debe a augas residuais de orixe humana non depuradas, en caudal suficiente para comprometer a salubridade da lámina de auga que o Mendo arrastra. Extremo este que vén poñer en cuestión que estean a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cumprirse consonte ao disposto na Lei de Augas de Galiza as competencias que a Xunta e o seu ente Augas de Galiza teñen.

Desta situación demos traslado nesta cámara ao goberno da Xunta, ao que lle formulamos unha batería de preguntas escritas ás que non deu resposta.

Mais a resposta chegou agora ao certificar o Seprona que había norovirus no río Mendo durante o brote de gastroenterite, nas inmediacións das depuradoras de Oza-Cesuras e Curtis, contradicindo e desacreditando a propia Conselleira e Infraestruturas quen o negara publicamente.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Por que a Consellería negou reiteradamente a existencia de norovirus na auga do río, poñendo en risco a saúde de miles de persoas, nos dous episodios de contaminación que se produciron este verán en Betanzos?

- Que medidas pensa tomar para poñer solución á situación de verquidos continuos, problemas de saneamento e depuración destes concellos? En que prazos?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2023 18:12:49
Nº Rexistro: 62725
Data envío: 27/11/2023 18:12:49.181

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/11/2023 18:10:53

Xosé Luis Bará Torres na data 27/11/2023 18:11:01



Á MESA DO PARLAMENTO

Martín Seco García, María Leticia Gallego Sanromán e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 6ª**.

Dende o inicio de lexislatura o noso grupo pediulle ao Goberno galego un “pacto pola industria” que estea a salvagarda de eventuais e futuros cambios políticos no noso país, con vocación de estabilidade, permanencia, certeza e compromiso orzamentario, coa participación da Administración local e os axentes sociais, dentro do marco dunha comisión non permanente para a reconstrución social e económica co obxectivo de reactivar a economía e modernizar o modelo produtivo cara á transición ecolóxica e a transformación dixital”, un pacto ao que o Partido Popular votou sistematicamente en contra.

Chegamos ao final de lexislatura e o balance da política industrial do Goberno galego segue a ser claramente negativo, cunha perda de peso no conxunto da industria española, tanto en termos de volume de produción, como en termos de emprego. Mentres isto sucede vemos como este tema pasa inadvertido para unha administración que ten competencias plenas en materia de industria e que en vez de facer políticas activas se dedica a criticar ao Goberno estatal e pon o foco única e exclusivamente nos novos fondos europeos de reconstrución, porque nada da súa parte quere aportar.

Onde queda a “Axenda da Competitividade Galicia – Industria 4.0”, que data do 13 de maio de 2015 e que a Xunta de Galicia aprobou como “un dos eixos fundamentais de desenvolvemento da súa política económica co obxectivo de fixar tecido industrial en Galicia consolidando o crecemento”. As dúas metas principais da axenda ata o 2020 eran o crecemento do sector industrial ata



significar un 20 % do PIB galego, e a creación de 50.000 novos postos de traballo na industria, obxectivos totalmente incumpridos.

Doutra banda, o Instituto Galego de promoción Económica (Igape) debería ser o principal axente público co que conta a Xunta de Galicia para levar a cabo a súa política industrial, sendo a súa xestión moi deficiente. De feito, o Igape está a perder relevancia dende que Feijóo chegou ao goberno, cando sería necesaria unha actitude moito máis activa. As súas partidas iniciais aparentemente aumentan, pero son logo rebaixadas e a execución real de gasto no exercicio previsto é moio baixo e claramente en declive. Así, no seu conxunto, dos 306 millóns de euros que tiña o Igape para o trienio 2016–2018, unicamente executou 160, pouco máis da metade; deixando sen xestionar practicamente outro tanto. Esta situación é especialmente alarmante nos anos 2017 e 2018, pero seguiu ano a ano ata este 2023.

O Consello Económico e Social no seu informe, aprobado por unanimidade, indica que o sector industrial galego perdeu 40.000 empregos entre os anos 2008 e 2022, situando o seu peso en relación ao produto interior bruto (PIB) da comunidade no 15,6 %. e inclúe entre as súas 86 consideracións a necesidade de adoptar medidas que favorezan o fortalecemento do sector industrial, impulsen a competitividade e favorezan a transición ecolóxica e dixital, polo seu importante papel no crecemento económico da comunidade «como elemento tractor de sectores auxiliares e pola súa capacidade para xerar emprego de calidade» e alude en especial a unha industria manufacturera que concentraba o 13,8 % do valor engadido bruto (VAB) no 2008, e que no 2022 se reduciu ao 11,9 %.

A memoria recolle ademais que Galicia perde posicións no índice sintético de competitividade rexional, que elabora a Comisión Europea: ocupaba o posto 143 no 2016 e o 149 no 2022, fronte ao norte de Portugal, que escalou do 164 ao 135. En gasto total en I+D e rexistro de patentes, «a situación de Galicia é



moi precaria», e desde o Consello instan aos poderes públicos a incrementar os fondos para investigación e desenvolvemento e a incentivar proxectos de innovación. Indican que moitas das iniciativas en desenvolvemento se vinculan a zonas de transición xusta e supoñen unha importante oportunidade para avanzar na descarbonización do modelo produtivo e reducir a dependencia enerxética de terceiros, destacando «a oportunidade que supoñen os fondos europeos e a importancia de xestionalos con axilidade e eficacia».

Polo antedito, faise necesario coñecer a resposta ás seguintes preguntas:

1. Cal é o motivo da baixa execución dos fondos que inicialmente orzamenta o Goberno galego no programa “741A de Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produción”?
2. Cales foron as iniciativas industriais captadas polo Goberno galego nesta lexislatura e que se atopen en funcionamento en Galicia?
3. Necesita unha reforma o Igape para darlle apoio aos proxectos empresariais en risco e a captación de novos proxectos para Galicia?

Parlamento de Galicia, 27 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 27/11/2023 12:00:26

María Leticia Gallego Sanromán na data 27/11/2023 12:00:42

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/11/2023 12:00:52



Á MESA DO PARLAMENTO

Martín Seco García, María Leticia Gallego Sanromán e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 6ª**.

Dende o inicio de lexislatura o noso grupo pediulle ao Goberno galego un “pacto pola industria” que estea a salvagarda de eventuais e futuros cambios políticos no noso país, con vocación de estabilidade, permanencia, certeza e compromiso orzamentario, coa participación da Administración local e os axentes sociais, dentro do marco dunha comisión non permanente para a reconstrución social e económica co obxectivo de reactivar a economía e modernizar o modelo produtivo cara á transición ecolóxica e a transformación dixital”, un pacto ao que o Partido Popular votou sistematicamente en contra.

Chegamos ao final de lexislatura e o balance da política industrial do Goberno galego segue a ser claramente negativo, cunha perda de peso no conxunto da industria española, tanto en termos de volume de produción, como en termos de emprego. Mentres isto sucede vemos como este tema pasa inadvertido para unha administración que ten competencias plenas en materia de industria e que en vez de facer políticas activas se dedica a criticar ao Goberno estatal e pon o foco única e exclusivamente nos novos fondos europeos de reconstrución, porque nada da súa parte quere aportar.



Onde queda a “Axenda da Competitividade Galicia – Industria 4.0”, que data do 13 de maio de 2015 e que a Xunta de Galicia aprobou como “un dos eixos fundamentais de desenvolvemento da súa política económica co obxectivo de fixar tecido industrial en Galicia consolidando o crecemento”. As dúas metas principais da axenda ata o 2020 eran o crecemento do sector industrial ata significar un 20 % do PIB galego, e a creación de 50.000 novos postos de traballo na industria, obxectivos totalmente incumpridos.

Doutra banda, o Instituto Galego de promoción Económica (Igape) debería ser o principal axente público co que conta a Xunta de Galicia para levar a cabo a súa política industrial, sendo a súa xestión moi deficiente. De feito, o Igape está a perder relevancia dende que Feijóo chegou ao goberno, cando sería necesaria unha actitude moito máis activa. As súas partidas iniciais aparentemente aumentan, pero son logo rebaixadas e a execución real de gasto no exercicio previsto é moio baixo e claramente en declive. Así, no seu conxunto, dos 306 millóns de euros que tiña o Igape para o trienio 2016–2018, unicamente executou 160, pouco máis da metade; deixando sen xestionar practicamente outro tanto. Esta situación é especialmente alarmante nos anos 2017 e 2018, pero seguiu ano a ano ata este 2023.

O Consello Económico e Social no seu informe, aprobado por unanimidade, indica que o sector industrial galego perdeu 40.000 empregos entre os anos 2008 e 2022, situando o seu peso en relación ao produto interior bruto (PIB) da comunidade no 15,6 %. e inclúe entre as súas 86 consideracións a necesidade de adoptar medidas que favorezan o fortalecemento do sector industrial, impulsen a competitividade e favorezan a transición ecolóxica e dixital, polo seu importante papel no



crecemento económico da comunidade «como elemento tractor de sectores auxiliares e pola súa capacidade para xerar emprego de calidade» e alude en especial a unha industria manufactureira que concentraba o 13,8 % do valor engadido bruto (VAB) no 2008, e que no 2022 se reduciu ao 11,9 %.

A memoria recolle ademais que Galicia perde posicións no índice sintético de competitividade rexional, que elabora a Comisión Europea: ocupaba o posto 143 no 2016 e o 149 no 2022, fronte ao norte de Portugal, que escalou do 164 ao 135. En gasto total en I+D e rexistro de patentes, «a situación de Galicia é moi precaria», e desde o Consello instan aos poderes públicos a incrementar os fondos para investigación e desenvolvemento e a incentivar proxectos de innovación. Indican que moitas das iniciativas en desenvolvemento se vinculan a zonas de transición xusta e supoñen unha importante oportunidade para avanzar na descarbonización do modelo produtivo e reducir a dependencia enerxética de terceiros, destacando «a oportunidade que supoñen os fondos europeos e a importancia de xestionalos con axilidade e eficacia».

Polo antedito, faise necesario coñecer a resposta ás seguintes preguntas:

1. Cal é o balance que fai o Goberno galego dos preocupantes datos aportados polo informe do CES en relación coa industria en Galicia?
2. Cales son as solucións que ten previsto realizar o Goberno galego en liña coas consideracións que enumera o CES para potenciar o noso sector industrial?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 62730
Data envío: 27/11/2023 19:03:01.525

Parlamento de Galicia, 27 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 27/11/2023 18:57:16

María Leticia Gallego Sanromán na data 27/11/2023 18:57:31

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/11/2023 18:57:41

CSV: BOPGDSPG-1JB2RpDv6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

231034

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de modificar o enlace de acceso á vila de Salceda de Caselas a través da estrada autonómica PO-510.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A PO-510 é unha estrada pertencente á rede primaria básica da Xunta de Galiza. Parte da parroquia de Atios, no concello do Porriño e descorre polo concello de Salceda de Caselas ata a parroquia de Oleiros en Salvaterra de Miño.

Esta estrada autonómica de pouco máis de 15 km. permite acceder ao centro da vila de Salceda de Caselas a través dun enlace coa PO-411 na Ponte da Lagoela, que transcorre de xeito elevado, xusto ao carón dos balcóns das edificacións construídas e habitadas ao marxe da mesma estrada, ademais de incrementar o tráfico no centro urbano, sendo inseguro para as peóns.

Este é un enlace que separa a parroquia de Parderrubias co centro da vila e que conleva que os vehículos que acceden dende a parroquia cara O Porriño, están obrigadas a entrar no tráfico da vila para poder coller a saída correspondente.

No ano 2019 esta cuestión foi tratada co xefe territorial de infraestruturas e mobilidade e o xefe da AXI de Pontevedra, onde lembrouse a importancia de que a Xunta acometera o proxecto de remodelación deste enlace, fundamental para mellorar a seguridade nun punto no que se levan producido xa numerosos accidentes polas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incorporacións que teñen que realizarse na propia ponte, que veñen a demostrar a perigosidade do enlace.

O proxecto xa fora presentado en marzo do 2018 no Concello pola Xunta, pero dende aquela non foron quen de licitar nin cronificar a súa realización.

A solución proposta no seu momento pola Xunta de Galiza pasaba pola construción de dúas glorietas a ámbolos dous lados da ponte, que facilitaban todas as incorporacións e cambios de dirección perigosos, reducindo as incidencias.

Pero esta solución que a Consellaría propuña non se chegou nunca a plasmar nun estudo técnico serio con todas as alternativas posibles.

Estamos a falar dunha proposta fundamental para Salceda, e para garantir a seguridade das persoas que acceden ao municipio por ese enlace, o principal xunto co da Gándara.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Vai o goberno da Xunta elaborar un estudo e a posterior participación cidadá que valore a mellor opción para a reforma do enlace entre a PO-510 e PO-411 na Ponte da Lagoela?

Que prazos se fixan para o estudo, a participación e a elaboración do proxecto de execución para esta obra prioritaria para o Concello de Salceda?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 28/11/2023 09:54:41

Paulo Ríos Santomé na data 28/11/2023 09:56:32

Xosé Luis Bará Torres na data 28/11/2023 09:56:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Outeiro de Rei existe un centro de saúde construído hai décadas e que como é natural precisa de reparacións. Por outra banda, o edificio no que se atopa o PAC está separado do centro de saúde, sendo isto unha eiva pendente de resolver dende hai anos.

Dentro do edificio do centro de saúde polo menos unha das consultas, dende hai un mínimo de 4 anos, está con gran nivel de humidade nas paredes, na que se presume unha abundante profusión de fungos, de modo que resulta antihixiénico e inadecuado para garantir a súa seguridade dos doentes e un problema de saúde para as e os profesionais que traballan dentro, tendo que poñer máscara para evitar respirar durante 7 horas seguidas nese ambiente de humidade.

A profesional que desenvolve a súa xornada nesta consulta ten elevado queixas á Dirección por esta cuestión e solicitado que se poñan as medidas necesarias para o saneamento das humidades, sendo a resposta que se lle deu





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pouco adecuada, xa que se aprazou a solución ao momento en que se fixeran as obras de nova construción do PAC anexas ao centro de saúde.

Certo é que nos orzamentos para o ano 2024 vai destinada unha partida para facer esta obra, aínda que pode acontecer que este gasto non se execute por calquera causa, pero o que non parece de recibo é que a profesional e os e as doentes teñan que esperar meses para ter un resultado á altura da mínima hixiene posible nun centro de saúde, cando a obra a realizar parece ser unha obra moi menor.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Van vostedes proceder a amañar de xeito inmediato os problemas de salubridade na consulta afectada por humidades no centro de saúde en Outeiro de Rei?

Consideran de recibo que unha profesional pase 7 horas ao día dentro dunha consulta na que probablemente haxa fungos no aire ambiental que lle poden provocar enfermidade?

Está a consulta en condicións de ser usadas para revisar curas aos pacientes ou outros aparatos que poidan actuar como fómite na transmisión de enfermidades?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que é o que está a causar esta demora nas actuacións que precisa a corrección das humidades cando se trata de labores mínimas de mantemento neste centro de saúde?

De estalo amañando cal é o porqué de non telo feito antes?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2023

Asdo.: Carmen Aira Díaz

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 28/11/2023 09:59:15

María Montserrat Prado Cores na data 28/11/2023 09:59:19

Olalla Rodil Fernández na data 28/11/2023 09:59:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Ramón Fernández Alfonzo, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a necesidade de dar cumprimento do acordo unánime do Parlamento de Galicia para o goberno da Xunta solicitar do goberno do Estado a iniciación inmediata do concurso de transición xusta para a central térmica de Meirama.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de febreiro o grupo parlamentario do BNG trouxo a debate na Comisión 6ª unha PNC en demanda dun proxecto de futuro industrial para o concello de Cerceda, unha vez finalizado o ciclo de produción da central térmica de Meirama.

A proposta de resolución da devandita PNC centrábase nestes dous puntos:

- Demandarlle á Xunta un estudo de impacto integral que inclúa todos os proxectos industriais enerxéticos anunciados e analice a súa afección sobre o territorio e a vida das persoas no concello de Cerceda e arredores da comarca
- Solicitar do goberno do Estado a iniciación inmediata do concurso de transición xusta para a central térmica de Meirama.

O primeiro punto non prosperou polo voto en contra do Partido Popular e a abstención do grupo socialista, mais o segundo si saíu adiante co apoio unanime dos tres grupos da cámara.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A piques de se cumpriren 10 meses deste acordo unánime, nada se sabe do seu cumprimento. As únicas novas públicas que se coñecen é o continuo desmantelamento da central térmica de Meirama: primeiro derrubouse a torre de refrixeración, logo a cheminea e agora anúnciase o derrube da caldeira, a última gran instalación da planta cercedense.

Mais ningún dos múltiples proxectos industriais anunciados se concretan nin moito menos se informa a veciñanza.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 6ª:

Que xestións leva realizado a Xunta para solicitar do goberno do Estado a iniciación inmediata do concurso de transición xusta para a central térmica de Meirama?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 28/11/2023 10:12:28

Ramón Fernández Alfonzo na data 28/11/2023 10:12:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Xosé Luis Rivas Cruz e Diego Lourenzo Moura, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos o planeta sufriu unha serie de acontecementos que sacudiron á humanidade e tamén á economía, cuestións como a Pandemia da Covid, os aranceis implantados por Donald Trump ou a guerra da Ucraína, influíron directamente na venta local de viño e máis nas exportacións. Todo isto suscitou que se xerara unha estocaxe que se incrementou progresivamente.

A DO Ribeira Sacra, tamén sufriu este tipo de situación, dende o Goberno da Xunta de Galiza fóronlle dando axudas ás adegas, para que seguisen comprando uva aos viticultores, o cal aliviou a estes, que non recibiron ningunha axuda pero que se beneficiaron desta indirecta.

Mesmo este ano 2023, parece que a Xunta lles deu unha axuda económica para que completaran a recollida de uva, pero aínda así quedaron uvas sen recoller e moitas compráronas a nun rango de prezos dependendo da variedade que en todo caso se manifestaron como prezos insuficientes para as produtoras e produtores.

Todo isto xerou un stock de millóns de litros de viño que ten unha saída dificultosa, por problemáticas diversas a parte das mencionadas, xa que resulta difícil conseguir autorización para a destilación de alcois de usos sanitarios ou outros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Podemos presumir que para a próxima campaña van continuar os problemas neste mesmo sentido que falamos e polo tanto é preciso abordar xa o asunto.

Non somentes requiren axudas as adegas, que por suposto son precisas, tamén os viticultores requiren un apoio claro, xa que o que lles pagan polo kg de uvas non cubre os gastos de produción, polo que hai un risco severo de abandono, polo menos das zonas máis baixas das ribeiras.

A Ribeira Sacra é un lugar cunhas características especiais que precisa unha atención especial, por isto se trata de definir o modelo de territorio que o goberno da Xunta quere para a Ribeira Sacra e que medidas son as precisas para acadalo, non se consegue nada con declarar o territorio como rede natura ou patrimonio da humanidade se no canto de actuar como medidas de protección o que provocan é grandes inconvenientes para as persoas que queren vivir no territorio e do mesmo.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Coñecen o problema da gran estocaxe de botellas de viño da DO Ribera Sacra?

Teñen interpelado aos órganos de dirección da DO Ribeira Sacra para teren cuantificado o número de botellas almacenadas?

Van tomar algunha medida que facilite ás adegas para dar saída ao stock de viño da DO Ribeira Sacra?

Pensan implantar medidas específicas para apoiar aos viticultores da Ribera Sacra que impidan o abandono de actividade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Van vostedes establecer mecanismos que lles permitan aos viticultores cobrar prezos por riba dos custes de produción?

Teñen contemplado que este problema pode perdurar no futuro e que medidas pensan tomar?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

Diego Lourenzo Moura

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 28/11/2023 10:21:38

Xosé Luis Rivas Cruz na data 28/11/2023 10:23:33

Diego Lourenzo Moura na data 28/11/2023 10:23:37



Á MESA DO PARLAMENTO

Luis Manuel Álvarez Martínez, deputado-portavoz, **Patricia Otero Rodríguez**, **Paloma Castro Rey** e **Pablo Arangüena Fernández**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda publicou, no ano 2021, a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2021.

No artigo 19º desa orde quedan establecidas as obrigas dos beneficiarios entre as que figura, no punto 2 deste artigo destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e realizar as actuacións que integran o proxecto subvencionado, segundo o estipulado no artigo 41 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Mediante a Resolución 30 de setembro de 2021, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia



2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2021 o Concello de Bóveda obtén unha axuda de 57.148,30 € para unha actuación consistente en poñer en funcionamento un punto limpo móbil.

Coa capacidade propagandística propia do Partido Popular, o día 26 de xaneiro de 2022, na web institucional da Xunta de Galicia aparece unha nova cos seguintes titulares:

“A Xunta apoia ao Concello de Bóveda na posta en servizo dun punto limpo móbil cunha axuda de 57.000 euros”

“O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, explica que o Goberno galego concedeu achegas por valor total de 1,1 M€ nos dous últimos anos para mellorar a xestión de residuos en 31 municipios da provincia”

Acompaña aos anteriores titulares unha fotografía do Sr. Delegado Territorial da Xunta de Galicia en Lugo, o Sr. Alcalde de Bóveda e outras persoas e un flamante punto limpo móbil.

Noutros medios de comunicación podemos ler que “O punto limpo móbil percorrerá as 14 parroquias do concello de Bóveda. A Administración incorporou este servizo co obxectivo de que os veciños teñan a posibilidade de depositar residuos de orixe doméstica que non poden ser eliminados por medio dos sistemas convencionais de recollida de lixos.

A localización e as datas das rutas do punto limpo móbil iranse comunicando a través das redes sociais do Concello, o taboleiro informativo da casa do concello e un panel informativo instalado xunto ao contedor do punto limpo móbil.”



Case dous anos despois podemos afirmar dúas cousas:

- O punto limpo móbil non fixo un só percorrido polas parroquias do Concello de Bóveda, e
- Nesta data atópase depositado, por empregar un termo moderado, nun solar municipal sen dar servizo a este concello.

Atopámonos de forma evidente ante un uso indebido dunha subvención pública que debería prestar servizo aos veciños e contribuír ás tan necesarias melloras medioambientais.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Coñece a Xunta de Galicia a situación que vimos de expoñer no Concello de Bóveda?
2. Realiza o Goberno galego algún tipo de control sobre as subvencións que outorga aos concellos?
3. Considera admisible que en dous anos o punto limpo móbil do Concello de Bóveda non fixese un só percorrido polas parroquias e que, ademais, se atope depositado nun solar municipal?
4. Pensa o Goberno galego pedir algún tipo de explicación ou abrir algún tipo de información sobre o posible mal uso dunha subvención pública?

Santiago de Compostela, 28 de novembro do 2023





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2023 10:31:13
Nº Rexistro: 62750
Data envío: 28/11/2023 10:31:13.377

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/11/2023 10:28:19

Patricia Otero Rodríguez na data 28/11/2023 10:28:30

Paloma Castro Rey na data 28/11/2023 10:28:40

Pablo Arangüena Fernández na data 28/11/2023 10:28:49

CSV: BOPGDSPG-1JB2RpDv6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
231050

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carreira Pazos e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a situación do CPI de San Vicente da Baña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CPI de San Vicente da Baña escolariza a pouco menos de 200 crianzas menores de 16 anos do mesmo concello e actualmente atópase nun proceso de reformas da súa infraestrutura.

Esta “rehabilitación integral”, en palabras do Conselleiro de Educación e Universidades, conta cun orzamento de 1,16 millóns de euros cofinanciado ao 60% por fondos da UE. Este proxecto supón traballos nas cubertas e fachadas dun dos edificios do CPI para mellorar a impermeabilización, renovación de fiestras e outras reformas no interior do mesmo. O contrato foi asinado a finais do mes de abril, cun prazo de execución de 4 meses.

Non obstante, cando está a piques de rematar o terceiro mes do curso, as obras están lonxe do seu remate, e máis lonxe de cumprir ese prazo de execución. As familias do alumnado e o goberno municipal levan tempo denunciando a situación na que se atopa a comunidade escolar mentres non se produce este remate, con goteiras nas aulas, pasos cortados que obrigan a percorridos amplos sen ningún tipo de abrigo e limitación dos espazos dispoñíbeis para o normal desenvolvemento da actividade lectiva, máis tamén de actividades extraescolares. Incluso denuncian que as filtracións se están a





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

producir están a supor o deterioro doutras estruturas, coma andeis da biblioteca ou o chan do pavillón.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

- É consciente o Goberno galego da situación na que se atopa o alumnado do CPI de San Vicente da Baña?
- Ten algunha medida prevista para paliar as molestias que está a sufrir a comunidade educativa mentres non rematan as obras?
- Cal é o prazo actual para o remate destas obras?
- Cal é o motivo polo que o Goberno galego non responde ás solicitudes de información e xuntanzas solicitadas desde o Concello da Baña?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2023

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 28/11/2023 11:42:18

Cristina Fernández Davila na data 28/11/2023 11:44:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez e Mercedes Queixas Zas, deputados e das deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o establecemento do sistema de gardas de 24 horas nos xulgados de instrución dos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 24 de outubro de 2023 o Consello Xeral do Poder Xudicial reitera comunicación participando o seu parecer sobre a comenencia da aplicación nos xulgados de instrución dos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña dun sistema de gardas de 24 horas con rotación diaria. O establecemento deste sistema de garda permanente nos xulgados de Vigo e A Coruña contara co informe favorable do CXPX se ben o propio órgano de goberno do Poder Xudicial facía constar que “a implantación non podería levarse a efecto ate contar coa autorización económica da Xunta de Galiza e do Ministerio do Interior, en canto administracións prestacionais que asumirán o custe económico ...”

A preguntas da representación do BNG no Congreso, o Ministerio de Justicia do Goberno do Estado , recoñecendo que a modificación do sistema suporía unha mellora no funcionamento da prestación do servizo de garda que redundaría en conseguir un servizo público máis eficaz e eficiente, considerable viable a medida proposta pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza; participaba que contaba con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

asignación orzamentaria, tanto nos presupostos de 2021 como nos de 2022. Reiterando a necesidade de contar con idéntico compromiso por parte da Xunta de Galiza.

Tanto no ano 2022 como no 2023 as xuntas sectoriais de xuíces e xuízas de instrución dos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña reiteraron a comenencia de modificar o sistema de gardas. Igualmente, o Fiscal Superior de Galiza o día 18 de outubro de 2023, do mesmo xeito que fixera en xuño de 2019, informa do seu parecer sobre a comenencia e necesidade de evolucionar do actual sistema de gardas semanais a outro de 24 horas nos termos xudiciais de Vigo e A Coruña, considerando asumible e beneficioso para as Fiscalías, para a cidadanía e para a mellor prestación do servizo da administración de xustiza.

A Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza manifestou reiteradamente (11 de febreiro e 16 xuño de 2022, 24/6/2019, 16/4 e 17/9 de 2021...) a súa opinión favorable ao establecemento do sistema de gardas de 24 con rotación diaria.

Asemade os Plenos dos Concellos de Vigo e A Coruña, os colexios profesionais da Avogacía e Procuradoría de Vigo e A Coruña, organizacións sindicais e funcionarias da administración de xustiza dos partidos xudiciais atinxidos expresaron reiteradamente a súa opinión favorable á necesaria modificación do sistema de gardas pasando da rotación semanal e o tempo parcial a un sistema permanente e de rotación diaria.

Xa que logo dada a regulación vixente (art.59 do Regulamento 1/2005 de aspectos accesorios das actuacións xudiciais) é a conformidade do Consello Xeral do Poder Xudicial, Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, Xuntas Sectoriais de Xuíces/Xuízas de Instrución, Fiscalía Superior de Galiza, colexios profesionais e organizacións sindicais e mesmo dado o compromiso orzamentario do Goberno do Estado; é a Xunta de Galiza quen esta a impedir a mellora do servizo de garda nos Xulgados de Instrución de Vigo e A Coruña, que sen dúbida implicará tanto





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha importante melloría para o funcionamento da administración de xustiza como para atención á cidadanía que reside ou se relaciona coas localidades destes partidos xudiciais.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Considera a Xunta de Galiza que a aplicación dun sistema de gardas de 24 horas con rotación diaria nos xulgados de instrución de Vigo e A Coruña contribuiría ao mellor funcionamento da administración de xustiza e a unha mellor atención á cidadanía?

Cal é o número de persoas detidas presentadas nos xulgados de instrución de Vigo e A Coruña en cada un dos últimos 5 anos?

Cantas foron as denunciadas directamente presentadas en cada un dos últimos 5 anos nos xulgados de instrución de Vigo e A Coruña?

Considera a Xunta de Galiza que cando o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Sala de Goberno do TSX de Galiza, a Fiscalía Superior de Galiza ou as Xuntas sectoriais de xuíces e xuízas informan favorablemente o cambio de sistema de gardas non teñen en conta a carga de traballo, tanto de xeito cuantitativo como cualitativo, ponderando o tempo de cada intervención ou procedemento?

Conta a Xunta de Galiza con informes técnicos que contradigan ou desmintan as apreciacións e valoracións realizadas polos órganos de goberno do Poder Xudicial ou polos diferentes operadores xurídicos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo os cálculos realizados pola Xunta de Galiza cal sería o incremento dos custes do establecemento dun sistema de gardas de 24 horas sobre o actual?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2023

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Carmela González Iglesias,

Alexandra Fernández Gómez

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/11/2023 12:04:03

Carmela González Iglesias na data 28/11/2023 12:08:37

Alexandra Fernández Gómez na data 28/11/2023 12:09:10

Mercedes Queixas Zas na data 28/11/2023 12:09:52



Á Mesa do Parlamento

Moisés Rodríguez Pérez, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Moisés Blanco Paradelo, Susana López Abella, Fernando Pérez Domínguez e Borja Vereas Fraiz ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a pregunta oral para o seu debate en Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

Coa constitución, o pasado 13 de novembro, da sociedade mixta “Recursos de Galicia” o Goberno galego dá un paso adiante no obxectivo de garantir que a xestión da riqueza dos recursos naturais galegos se traduza sempre en riqueza social para a nosa Comunidade.

Neste proxecto, tan ambicioso e pioneiro na nosa contorna, a Xunta de Galicia foi quen sumar a máis de 30 empresas que sosteñen máis de 20.000 empregos directos e que achegan ao Produto Interior Bruto autonómico case 11.000 millóns de euros cada ano.

Este amplo apoio e participación demostra a unidade do tecido económico galego e a conxunción de intereses en torno ao potencial que para Galicia representa o feito de ser un actor de primeiro nivel na transición enerxética e a oportunidade que brindan os recursos naturais dos que dispón.

Esta empresa deberá, entre outros, dar prioridade a determinados proxectos estratéxicos como son os vinculados ás enerxías verdes, ao aproveitamento da riqueza mineira ou a iniciativas que requiran concesións de augas.

Esta sociedade é ademais a “punta de lanza” da futura Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, coa que comparte obxectivos, e que tamén





busca favorecer o desenvolvemento sustentable do territorio galego e a procura de que estes se traduzan nun beneficio social e económico no territorio.

A día de hoxe, en Galicia, as tres cuartas partes da enerxía producida xa é renovable, por riba do obxectivo para 2030; a xeración de enerxía supón arredor dun 5% do PIB e, ademais, somos a quinta maior consumidora de enerxía para a industria.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Que beneficios trae aparelados para a nosa Comunidade a constitución da sociedade mixta Recursos de Galicia?

Santiago de Compostela, 28 de novembro 2023.

Asinado dixitalmente por:

Rodríguez Pérez, Moisés na data 28/11/2023 12:37:25

Cristina Sanz Arias na data 28/11/2023 12:37:41

José Antonio Armada Pérez na data 28/11/2023 12:37:58

Moisés Blanco Paradelo na data 28/11/2023 12:38:17

Susana López Abella na data 28/11/2023 12:38:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Fernando Pérez Domínguez na data 28/11/2023 12:39:07

Borja Vereza Fraiz na data 28/11/2023 12:39:21

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Adrian Pardo López, Marisol Díaz Mouteira, María Felisa Rodríguez Carrera, Ana Belén García Vidal, Noelia Pérez López, Paula Prado del Río e Katherinie Varela Fernández ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 1ª Institucional, De Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Recentemente, o Sindicato Unificado de Policía e a Asociación Unificada de Gardas Cívís reclamaron por escrito ao ministro do Interior en funcións, Fernando Grande-Marlaska, maiores medidas de protección sanitaria para os axentes das Illas Canarias ante a crise migratoria actual.

En concreto solicitan que de maneira inmediata fágase chegar aos axentes que están a intervir en primeira liña os Equipos de Protección Individual que establece o protocolo que son: luvas, máscara, calzas e lentes protectoras; así como a creación de zonas de illamento e áreas restrinxidas en función do risco sanitario.

Estamos ante a peor crise migratoria desde o 2006, provocada polas mafias que aproveitan a falta de credibilidade do acordo que asinaron o Presidente do Goberno Pedro Sánchez co rei de Marrocos, Mohamed VI para atallar o problema das pateras, e que está causando un grave problema humanitario que pon en risco miles de vidas de persoas.

Os datos recentemente actualizados do Ministerio do Interior son preocupantes: en España, ata o 15 de outubro entraron de forma ilegal un total de 36.814 inmigrantes.

Por iso, ante esta crise migratoria, a peor desde o 2006 é máis importante que nunca atender ás solicitudes de seguridade que piden as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado que son os primeiros en atender a estes migrantes.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre estas peticións por parte das asociacións maioritarias de policía e gardas cívís?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2023.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 62767
Data envío: 28/11/2023 14:14:14.736

Asinado dixitalmente por:

Pardo López, Adrián na data 28/11/2023 14:11:46

María Sol Díaz Mouteira na data 28/11/2023 14:12:14

María Felisa Rodríguez Carrera na data 28/11/2023 14:12:30

Ana Belén García Vidal na data 28/11/2023 14:12:42

Noelia Pérez López na data 28/11/2023 14:12:54

Paula Prado del Río na data 28/11/2023 14:13:16

Katherinie Varela Fernández na data 28/11/2023 14:13:27

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-1JB2RpDv6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

A pesca fluvial é parte da cultura de Galicia desde tempos inmemoriais, ademais de actividade xeradora de turismo, dinamizadora do medio rural e que vai da man da conservación do medio que a sustenta, polo que a mellora da pesca é mellora do medio e viceversa. Sendo en épocas pasadas coñecidos e afamados os ríos galegos pola súa gran riqueza en troitas, reos, salmóns, lampreas, anguías, etc, a situación da pesca empeorou dramaticamente nas últimas décadas, particularmente nos últimos anos. Entre as causas podemos destacar o empeoramento dos ecosistemas fluviais pola contaminación procedente de núcleos de poboación, actividade industrial e agrogandeira, a gran abundancia de encoros e minicentrales que impiden o remonte das especies e alteran os caudais dos ríos e os efectos crecentes do cambio climático, que incrementa os períodos de seca na nosa comunidade e altera o réxime hídrico habitual, sen obviar o furtivismo.

Como exemplo senlleiro da diminución acusada da pesca, a caída drástica dunha especie emblemática como o salmón nos últimos anos en Galicia evidencia a falla de políticas de conservación dos nosos ríos e indica unha situación límite da propia especie. Se no ano 1980 pescáronse oficialmente 2091 salmóns nos ríos de Galicia, no ano 2022 a cifra foi de 38, non chegando en ningún dos últimos 5 anos á escasísima cifra de 100. De feito, se excluímos os 18 salmóns pescados no Eo, limítrofe con Asturias e, por tanto, río galego-asturiano, en Galicia só se pescaron no 2022, 20 salmóns (15 no Masma, 4 no Ulla, 1 no Mandeo e ningún no Miño). Sendo todos os ríos de Galicia que



desembocan no Atlántico teórico hábitat do salmón atlántico, a maioría dos ríos galegos están vedados para a súa pesca, dificultada pola abundancia de obstáculos ao remonte dos ríos (centrais e minicentrais hidráulicas). En contraste, na veciña comunidade de Asturias pescáronse 426 salmóns en 2022, nun ano marcado pola escasea de capturas comparado con outros recentes nos que roldan ou exceden os 1.000. En canto á outra especie emblemática como o reo, dos 2851 rexistrados no ano 2000 pasouse aos 4 no 2022, nunha caída progresiva que se fai abrupta desde o ano 2010.

Outras especies anádromas como a lamprea, que é cobizado obxecto de pesca profesional, experimentan tendencias similares se tomamos como indicador os datos de capturas no principal porto no que se comercializa, o da Guarda, que pasou de comercializar 19.682 quilos no ano 2018 a 5.821 quilos no 2022.

Indicador decisivo da diminución da pesca é o drástico descenso do número de licencias, que se reduciu desde as 53.719 no ano 2008 ás 11.877 en 2023, unha caída de case o 80 % motivada principalmente pola escaseza de pesca.

Fronte a esta situación, o desleixo da Administración autonómica galega é máis que evidente. A Lei de pesca continental aprobada no ano 2021 reduciu o importe das sancións e supuxo unha involución desde o punto de vista medioambiental máis de dúas décadas despois da lei á que substituíu. A contaminación dos cursos fluviais cronifícase, é habitual que non se respecten os caudais ecolóxicos nas numerosísimas concesións de aproveitamento do dominio público hidráulico nos nosos ríos (unha das zonas do mundo con maior concentración de encoros e minicentrais) e seguen sen dispor dos elementos de franqueo piscícola obrigatorios, pese a que tanto a actual lei de pesca como a anterior obrigan a iso. Tamén segue a practicarse un furtivismo que sería facilmente controlable se houber vontade política, sendo escasísimas as sancións por aplicación da lexislación de pesca e conservación do medio fluvial.



Hai que destacar especialmente a situación crítica de especies como o salmón (que ten Galicia como límite meridional da especie en Europa) e a anguía, especies que moitos científicos consideran en risco de extinción se non se adoptan medidas que permitan recuperar os seus hábitats, gravemente minguados e reducidos pola proliferación de obstáculos que impiden o seu acceso aos ríos e descenso ao mar, ademais de deteriorados pola contaminación; ou a da lamprea, moi vulnerable polas mesmas causas. A pesar desa situación agravada ano tras ano, a única desas especies incluída no catálogo galego de especies ameazadas é a lamprea en determinadas zonas, sen que exista plan de recuperación ou conservación de ningunha delas.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. É consciente o Goberno de Galicia da dramática caída da pesca continental en Galicia durante os últimos 15 anos, paralela ao grave deterioro dos ecosistemas fluviais?
2. Dispón a Xunta de datos actualizados e comparables anualmente respecto da situación das principais especies piscícolas (troita, salmón, reo, lamprea e anguía) en cada un dos principais ríos galegos?
3. En caso afirmativo, cales son eses datos?
4. Por que non se inclúen especies como o salmón ou a anguía no catálogo galego de especies ameazadas a pesar da gran caída das súas poboacións?
5. Por que non se elaborou tal e como determina a lei un plan de recuperación ou conservación para a lamprea a pesar de levar 15 anos incluída no catálogo galego de especies ameazadas?



6. É consciente o Goberno de Galicia do impacto sobre os ecosistemas fluviais e sobre as especies piscícolas das numerosas concesións de aproveitamento do dominio público hidráulico nos nosos ríos e de que Galicia é unha das zonas do mundo con maior concentración de encoros e minicentraís?

7. Cales son os datos dos que dispón a Xunta sobre o impacto na pesca das poboacións de cormorán e a súa evolución?

8. Considerou a Xunta a adopción de medidas ante a situación límite do salmón, do reo, da anguía e da lamprea en Galicia?

9. En caso afirmativo, cales son esas medidas?

10. Cal é o número de persoal dedicado á vixilancia dos ríos galegos?

11. Cantas sancións impuxo a Xunta de Galicia por infraccións da normativa de pesca continental en cada un dos últimos 5 anos e por que importe?

12. Cantas sancións impuxo a Xunta de Galicia por contaminación nos ríos de Galicia en cada un dos últimos 5 anos e por que importe?

13. Cantas sancións impuxo a Xunta por infracción dos caudais ecolóxicos en Galicia en cada un dos últimos 5 anos e por que importe?

14. Cantas sancións impuxo a Xunta por comercialización de salmónidos salvaxes nos últimos 5 anos?

Parlamento de Galicia, 28 de novembro de 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2023 16:36:34
Nº Rexistro: 62771
Data envío: 28/11/2023 16:36:34.059

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 28/11/2023 14:06:52

Paloma Castro Rey na data 28/11/2023 14:07:06

CSV: BOPGDSPG-1JB2RpDv6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
231067

@PSdeG



Á Mesa do Parlamento

Katherinie Varela Fernandez, Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, María Felisa Rodríguez Carrera, Ana Belén García Vidal, Noelia Pérez López e Adrián Pardo López abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Pregunta oral para o seu debate en comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.

España asumiu a Presidencia española do Consello da Unión Europea (UE) no segundo semestre de 2023 con grandes retos por diante que deberá afrontar procurando o consenso entre os vinte sete Estados membros. O noso país ten polo tanto, un papel fundamental á hora de concluír os expedientes legislativos antes do remate dos mandatos do Parlamento Europeo e da Comisión Europea en 2024.

En xuño de este ano a Xunta de Galicia publicou un documento onde se describe a acción de Galicia en 16 ámbitos co obxectivo de contribuír aos debates que se organizarán no marco da Presidencia española do Consello da UE no segundo semestre de 2023.

Entre eses ámbitos atopase o debate de cohesión que tras a posta en marcha dos programas operativos correspondentes ao período 21- 27, na capital comunitaria xa se debate sobre o modelo da política de cohesión para o futuro, principalmente pola influencia que poida exercer o actual Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, un fondo excepcional e temporal creado con motivo da crise da Covid-19 que está a financiar grandes investimentos na UE.

A participación da comunidade galega é fundamental neste debate pois se trata de dar máis relevancia a cohesión entre as distintas rexións que conforman a Unión Europea e que se siga na senda da política de investimento máis importante da UE e de xestión compartida.





Por todo o exposto, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular asinantes, formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral

Cal está a ser o papel e a achega da Xunta de Galicia no debate sobre o futuro da política de Cohesión para o seguinte período?

Santiago de Compostela, 29 de novembro 2023.

Asinado dixitalmente por:

Katherinie Varela Fernández na data 29/11/2023 11:39:20

Paula Prado del Río na data 29/11/2023 11:39:31

Pardo López, Adrián na data 29/11/2023 11:39:48

María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/11/2023 11:39:59

Ana Belén García Vidal na data 29/11/2023 11:40:10

María Sol Díaz Mouteira na data 29/11/2023 11:40:21

Noelia Pérez López na data 29/11/2023 11:40:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación na que se atopa a sanidade en diversos concellos da provincia de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os problemas que carrega desde hai anos a sanidade pública non cesan e atinxen múltiples concellos por toda Galiza, tamén na provincia de Lugo.

Así, atopamos moitos centros de saúde sen persoal facultativo e sen pediatra que merman a calidade asistencial da poboación deixándoa mesmo sen atención sanitaria durante días.

Por citar algúns exemplos concretos:

- No **Concello do Páramo** unha das médicas está de baixa de longa duración. O SERGAS non a substitúe de maneira permanente polo que a poboación nunca sabe cando poderá ser atendida. O centro de saúde conta cunha médica en activo que se xubila o próximo mes de marzo o que xera aínda máis incertezas no servizo.

- Nos **concellos da Fonsagrada, Negueira de Muñiz e A Ribeira de Piquín** quedaron sen un médico. Nos dous primeiros foise a persoa que pasaba consulta dous días en Negueira e tres na Fonsagrada. A Ribeira de Piquín está en idéntica situación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

despois de que a persoa titular deixase a praza. Até o momento pasa consulta algún día á semana un profesional dos que fai gardas no PAC da Fonsagrada.

Ademais diso, na Fonsagrada e Negueira de Muñiz a poboación está obrigada a desprazarse até Becerreá para facer uso dos servizos de Radioloxía e fisioterapia. Cómpre sinalar que non existe boa comunicación con esta outra vila.

- Nos **Concellos de Castro de Rei, Outeiro de Rei, Cospeito, Meira e A Pastoriza** non teñen pediatra.

- Os **consultorios de Parga e de Castro de Rei** continúan sen abrir en idénticas condicións ás que tiñan antes de pechalos durante a Covid-19 e o centro de saúde de Nadela, no Concello de Lugo, só ten médico tres días á semana véndose obrigada a poboación a desprazarse até a cidade para recibir atención sanitaria.

- Nos **Concellos de Monterroso, Taboada, Palas de Rei e Antas**: só teñen unha praza de fisioterapia para 10.000 TIS.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Como valora a situación sanitaria na que se atopan os devanditos concellos?
- Cre a Xunta de Galiza que a poboación destes concellos, do interior de Galiza, está a ver garantidos os seus dereitos sanitarios?
- Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza ao respecto?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Montserrat Prado Cores
Iria Carreira Pazos
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 29/11/2023 10:59:13

María Montserrat Prado Cores na data 29/11/2023 11:42:18

Iria Carreira Pazos na data 29/11/2023 11:42:20





Á Mesa do Parlamento

Katherinie Varela Fernandez, Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, María Felisa Rodríguez Carrera, Ana Belén García Vidal, Noelia Pérez López e Adrián Pardo López abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Os traballadores transfronteirizos son aquelas persoas que tendo a súa residencia habitual nun lugar próximo a fronteira dun país, realizan a súa actividade laboral no país que se atopa no outro lado da fronteira.

Esta situación é habitual na nosa comunidade na fronteira con Portugal polas estreitas relacións sociais, comerciais e por tanto laborais existentes entre ambos territorios. Cando un traballador vive en Galicia pero traballa en Portugal, ou viceversa, aplícase a lexislación laboral do país onde traballa.

A problemática deste tipo de traballadores intensificouse coa pandemia da Covid-19, polas distintas medidas restritivas levadas a cabo nos diferentes países como foron os peches das fronteiras

A partir deste momento nos foros nos que se debateron este tipo de cuestións, abordouse o debate incluso da creación dun Estatuto do Traballador transfronteirizo e quedou de manifesto que a maior incidencia producíase entre a fronteira de Galicia e Portugal.

E coñecida a preocupación da Xunta de Galicia neste eido e as diferentes reunións celebradas entre os distintos actores que teñen relevancia na problemática dos traballadores transfronteirizos.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral

Que medidas está a levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a situación dos traballadores transfronterizos?

Santiago de Compostela, 29 de novembro 2023.





Asinado dixitalmente por:

Katherinie Varela Fernández na data 29/11/2023 12:56:31

Paula Prado del Río na data 29/11/2023 12:56:46

María Sol Díaz Mouteira na data 29/11/2023 12:57:06

Ana Belén García Vidal na data 29/11/2023 12:57:32

María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/11/2023 12:57:43

Pardo López, Adrián na data 29/11/2023 12:58:05

Noelia Pérez López na data 29/11/2023 12:58:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Katherinie Varela Fernandez, Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, María Felisa Rodríguez Carrera, Ana Belén García Vidal, Noelia Pérez López e Adrián Pardo López abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

O V Plan Director de Cooperación Galega foi probado polo Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode) o 14 de febreiro de 2023, polo Consello da Xunta de Galicia o 2 de marzo de 2023 e polo Parlamento de Galicia o 15 de xuño de 2023

En 2022, conmemorouse o 30 aniversario do inicio da acción solidaria global da Xunta de Galicia coas comunidades e pobos empobrecidos. Nestas tres décadas, a sociedade galega, a través dos seus poderes públicos, apoiou a política pública de cooperación para o desenvolvemento humano sustentable, en canto expresión do seu compromiso solidario coa xustiza global.

O grao de madurez acadado polo sistema galego de cooperación demandou a actualización do seu marco normativo, regulado pola Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento. Tras un proceso participativo amplo, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.

Tal e como establece o artigo 83 da Lei 10/2021, o V Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento determinará o marco estratéxico desta política pública autonómica para o cuadrienio 2023-2026.

Unha vez aprobado, polo tanto, ese Plan Director de Cooperación Galega 2023 – 2026 e estando xa en plena execución, presentamos os deputados e deputadas do grupo Parlamentario Popular asinantes a seguinte pregunta para oral:

Cal é o grado de execución do Plan anual 2023 e que medidas ten incorporado para dar cumprimento ao V Plan Director (2023- 2026) da Cooperación Galega?

Santiago de Compostela, 29 de novembro 2023.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

Katherinie Varela Fernández na data 29/11/2023 13:32:03

María Sol Díaz Mouteira na data 29/11/2023 13:32:16

Paula Prado del Río na data 29/11/2023 13:32:27

Pardo López, Adrián na data 29/11/2023 13:32:43

Ana Belén García Vidal na data 29/11/2023 13:32:58

Noelia Pérez López na data 29/11/2023 13:35:27

María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/11/2023 13:36:01

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

En virtude da Resolución do 26 de decembro de 2022 establécense as bases reguladoras e se convocan para o ano 2023, en réxime de concorrencia competitiva, as axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (IN500A-IN500B).

En datas recentes o Grupo Parlamentario Socialista tivo coñecemento de que de forma verbal representantes da Axencia informaban ás persoas interesadas que modificaban o procedemento seguido nas convocatorias de exercicios anteriores nas que a Administración mantiña unha interpretación flexible respecto da periodización do gasto subvencionable, de xeito que o realizado no primeiro ano por riba do importe da subvención computaba para xustificar o gasto correspondente á segunda anualidade. O novo criterio consiste en que nesta convocatoria se deben axustar rigorosamente á periodización bianual prevista na resolución.

Este cambio de criterio ten importantes consecuencias para as empresas do sector, moitas delas pequenas empresas, porque moitas subvencións foron destinadas a investimentos en maquinaria que se abonaron integramente e atópanse con que non poden xustificar o gasto na segunda anualidade como se viña facendo.



O sector solicita que para a convocatoria do ano 2023 citada, se manteña o criterio anterior interpretando con flexibilidade os criterios de xustificación anual do gasto.

Este grupo parlamentario, entende o criterio administrativo solicitado e pode ser aceptado á vista de que son fondos finalistas, que xa están asignados e que a flexibilidade solicitada non prexudica a terceiros.

Por ilo, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal foi a causa do cambio de criterio da Axencia Galega de Industria Forestal con respecto a xustificación anual do gasto subvencionable das subvencións dirixidas ás empresas da industria forestal?
2. Ten constancia o Goberno galego da afectación que este cambio supón as pequenas e medianas empresas do sector?
3. Van a rectificar e manter o criterio seguido pola Axencia en anteriores convocatorias, polo menos para o ano 2023?

Santiago de Compostela, 29 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2023 13:45:23
Nº Rexistro: 62795
Data envío: 29/11/2023 13:45:23.346

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/11/2023 13:36:09

Martín Seco García na data 29/11/2023 13:36:18

CSV: BOPGDSPG-1JB2RpDv6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
231079

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Vivimos actualmente nun contexto económico no que as dificultades para acceder ao crédito e ao financiamento por parte das empresas galegas vense agravadas polo encarecemento dos xuros.

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), en canto que se trata do organismo da Administración autonómica que ten encomendada a misión de apoiar a mellora do sistema produtivo galego, conta entre os seus obxectivos a necesidade de apostar pola internacionalización das empresas galegas.

Levamos moito tempo demandando unha auténtica estratexia de fortalecemento do ecosistema empresarial galego con especial atención ás pemes, nomeadamente con programas máis potentes de internacionalización, dixitalización e colaboración empresarial, así como novos instrumentos de apoio financeiro e técnico á innovación.

Non obstante, o último programa do Igape orientado á promoción exterior (IG295-Galicia Exporta) consignou a este fin tres millóns de euros durante o mes no que estivo aberto o prazo de presentación, tal e como difundiu a Xunta de Galicia nun comunicado.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que valoración fai o goberno da Xunta de Galicia do funcionamento do programa IG295 – Galicia Exporta á vista da experiencia acumulada ao longo do tempo?

Santiago de Compostela, 29 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 29/11/2023 13:40:49

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 29/11/2023 13:40:57



Á MESA DO PARLAMENTO

Gonzalo Caballero Miguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Xunta de Galicia incluíu xa na súa planificación a construción dun novo centro de saúde en Ponteareas. Dende o concello de Ponteareas se traballaba na idea de emprazalo nunha parcela na entrada do barrio de Canedo que está a carón da N-120 e que contaba co visto e prace por parte dos técnicos da Consellería de Sanidade.

Sen embargo, o novo Goberno municipal de Ponteareas promove agora mudar esa ubicación para facer o centro de saúde noutra localización, na estrada que vai de Ponteareas a Guillade.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Como valora a Consellería de Sanidade do goberno da Xunta de Galicia a nova ubicación promovida polo concello de Ponteareas para a construción do novo centro de saúde e a súa accesibilidade para transporte sanitario e público do conxunto da cidadanía?

Santiago de Compostela, 29 de novembro do 2023





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 62809
Data envío: 29/11/2023 15:56:21.237

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 29/11/2023 15:41:02

Julio Torrado Quintela na data 29/11/2023 15:41:13

Marina Ortega Otero na data 29/11/2023 15:41:21

CSV: BOPGDSPG-1JB2RpDv6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
231083

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Gonzalo Caballero Miguez, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O concello de Ponteareas, cunha poboación superior ás 22.000 persoas censadas, ten no entorno de 700 nenos e nenas de idades comprendidas entre os 0 e os 3 anos, polo cal require de máis prazas para atender ás necesidades de conciliación das familias do municipio.

Precisamente por isto, o Concello proxecta unha nova escola infantil que requiriría do apoio e da colaboración económica da Xunta para a súa materialización e carácter público.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai atender a Xunta de Galicia a demanda do concello de Ponteareas e realizar todos os investimentos necesarios para a apertura dunha escola infantil pública?

Santiago de Compostela, 29 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 29/11/2023 15:47:45





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 62814
Data envío: 29/11/2023 15:57:21.003

Marina Ortega Otero na data 29/11/2023 15:47:55

Julio Torrado Quintela na data 29/11/2023 15:48:08

CSV: BOPGDSPG-1JB2RpDv6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
231085

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey e Noa Díaz Varela, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

O 1 de febreiro de 2023, Augas de Galicia resolveu outorgar autorización de vertidos no procedemento DH.V15.54967 a Tungsten San Finx S.L., nun expediente iniciado en 2015 e pragado de irregularidades. Esta extemporánea autorización permitiría o vertido –previo tratamento- de máis de 600.000 m3/ano de augas residuais industriais acumuladas nas galerías da mina de San Finx (Lousame), que conteñen altísimas concentracións de cadmio, cobre e cinc, que serían bombeadas ao río San Fins, tributario do río Traba, co consecuente impacto potencial sobre a ría de Muros e Noia, os seus bancos de marisqueo e espazos en Rede Natura 2000. O tratamento que se lle esixe á empresa foi ineficaz para tratar as concentracións destes 3 metais pesados durante a proba piloto realizada pola empresa.

A Plataforma contra os Vertidos da Mina de San Finx fixo público no verán que a análise das mostras tomadas por Augas de Galicia augas abaixo e augas enriba da explotación indica niveis de cadmio 78 veces superiores aos permitidos pola lexislación, 48 veces superiores no caso do cobre e 8 veces para o zinc. Estas elevadas concentracións estaban ausentes augas arriba da mina.

Con posterioridade, a Xunta anunciou que ía sancionar á empresa e, un tempo despois, que ía revocar a autorización polo incumprimento das condicións.



Por iso, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que medidas vai adoptar o Goberno de Galicia ante a elevada concentración de metais pesados na mina de San Finx e augas abaixo dela?
2. En que situación se atopa o expediente sancionador polos vertidos que foi anunciado por Augas de Galicia?
3. Cal foi a causa da elevada concentración de metais pesados augas abaixo da Mina de San Finx?
4. Cando foi detectada pola Xunta?
5. Cantos controis realizou a Xunta desde que outorgou a autorización e que resultado tiveron?
6. Que actividades ten levado a cabo a empresa propietaria da Mina de San Finx en relación coa autorización de vertido aprobada pola Xunta?
7. Cales son os datos dos que dispón a Xunta en relación coa situación das augas acumuladas na mina e augas abaixo dela?
8. Que medidas van adoptar a Xunta ou Augas de Galicia unha vez adoptada a decisión de revocar a autorización?
9. Quen se vai facer cargo dos costes desas medidas?
10. Cal é a avaliación que fai a Xunta do risco que representan as augas da mina?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 62821
Data envío: 29/11/2023 18:58:05.331

Parlamento de Galicia, 29 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 29/11/2023 18:49:59

Paloma Castro Rey na data 29/11/2023 18:50:13

Noa Susana Díaz Varela na data 29/11/2023 18:50:24

CSV: BOPGDSPG-1JB2RpDv6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
231088

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

Este verán tivo lugar en Betanzos un brote de gastroenterite que afectou a parte da poboación derivando posteriormente en norovirus e obrigando a restrinxir o consumo de auga. O concello apuntou como causa á contaminación das augas do río Mendo, solicitándolle á Xunta –competente a través de Augas de Galicia- que se analizasen exhaustivamente as augas do río e chegando a denunciar vertidos de fecais augas arriba da zona de captación de augas. Realizáronse ademais distintas actuacións por parte da concesionaria do servizo de augas municipal e do concello para garantir o subministro de auga en perfectas condicións, revisando a rede, subministrando auga en camións cisternas e garrafas, etc.

Tanto as análises efectuadas por Augas de Galicia, coñecidas recentemente polo concello ao seren entregadas ao Seprona dada a existencia dunha investigación xudicial, como as realizadas polos técnicos da empresa Viaqua confirman a existencia de norovirus nas augas do Mendo, entre outros puntos nas depuradoras situadas augas arriba do concello e na zona de captación de augas do propio concello. A pesar destas análises, Augas de Galicia, que nunca entregou os resultados ao Concello, manifestou á prensa que os parámetros do Mendo eran normais e que a orixe dos problemas non estaba nas augas do río senón na rede municipal de abastecemento.

Augas de Galicia vén de recoñecer estes días que as análises de augas efectuadas no Mendo presentaban norovirus no entorno do punto de captación de augas do concello e augas arriba.

Ante esta situación, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:



1. Por que Augas de Galicia non fixo públicos os resultados das análises realizadas no río Mendo con ocasión do problema coa auga do concello de Betanzos que comezou en maio deste ano?
2. Cales son os resultados desas análises?
3. Por que non entregou Augas de Galicia os resultados desas análises ao concello?
4. Cales son as medidas que vai adoptar augas de Galicia para corrixir a contaminación do río Mendo?
5. Iniciou Augas de Galicia algún procedemento sancionador como consecuencia das analíticas efectuadas?
6. Cantos puntos de vertido contaminantes ten detectados Augas de Galicia no río Mendo e que tipo de contaminación xeran?
7. En que situación se atopan as depuradoras situadas no río Mendo augas arriba do concello de Betanzos?

Parlamento de Galicia, 29 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 29/11/2023 18:48:12

Paloma Castro Rey na data 29/11/2023 18:48:27



Á MESA DO PARLAMENTO

Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O pasado 24 de novembro a empresa de autobuses Lugove volveu a deixar tiradas ás persoas usuarias que querían regresar ao Val Miñor desde Vigo. O autobús das 22:00 horas xa saíu cheo da estación de Vialia en Vigo, con máis de 20 minutos de atraso e cos usuarios e usuarias de pé no corredor. O condutor pasou de largo polo resto de paradas da Gran Vía e da rúa Florida. Sabendo que esa tarde foi o acendido do alumeado de Nadal en Vigo e que milleiros de persoas dos concellos limítrofes non se quixeron perder esta festa, a empresa de transportes que ten a concesión non tomou a previsión de reforzar o servizo, como tampouco o fai noutras ocasións.

Moitas persoas tiveron que buscar unha solución para volver ás súas casas de Nigrán e Baiona, dado que o autobús das 22:00 horas era o último e xa non había posibilidade de esperar ao seguinte. As persoas usuarias tamén lamentaron non ter recibido ningún tipo de información ou desculpa da empresa, mentres agardaban con frío a chegada dun autobús que só vían pasar.

Tamén, informan de que nunca contesta o número de teléfono de atención ao cliente que teñen. O maltrato de Lugove aos usuarios e usuarias desta liña Vigo-Val Miñor é constante, polo que é motivo de moitas queixas. A empresa tamén deixou sen servizo de autobús a veciños e veciñas da zona do Baixo Miño.



As persoas usuarias do autobús desta liña Vigo-Val Miñor reclámanlle á Xunta de Galicia que tome medidas para que o servizo de transporte público funcione correctamente e non se produzan estas situacións, que supoñen un enorme trastorno para moitas persoas que non teñen apoio nin medios para pagar un taxi.

No ano 2022 e no ano 2021 este grupo parlamentario, xa solicitou reforzar esta liña de autobuses debido ao incremento de viaxeiros e viaxeiras durante todo o ano, sendo na temporada estival cando é practicamente imposible viaxar en autobús na liña Vigo-Baiona por estar ocupadas todas a súas prazas. A contestación formulada pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, foi a seguinte: “O Plan de Transporte Público de Galicia garante estándares de calidade no que se refire, entre outros ámbitos, á limpeza ou ao cumprimento dos horarios. Estándares de calidade que lle son esixidos a todas as empresas concesionarias e cuxo cumprimento é obxecto de seguimento por parte da Dirección Xeral de Mobilidade”.

As melloras anunciadas unha e outra vez pola Xunta de Galicia non se están a cumprir. As persoas usuarias da ruta Vigo – Val Miñor quéixanse continuamente de que non se cumpren os horarios, non se reduciu o tempo da viaxe e a maiores quedan nas paradas moitas persoas usuarias porque os vehículos non paran ao estar completo o seu aforo, quéixanse en definitiva porque non hai reforzos de autobuses nunca.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten pensado a Xunta de Galicia obrigarlle a empresa concesionaria de autobuses a reforzar a liña Vigo- Val Miñor nas horas puntas e ante eventos sinalados para que ningunha persoa usuaria quede sen poder utilizar este servizo público de transporte?



2. Vai o Goberno galego a facer cumprir os horarios estipulados coa empresa concesionaria de autobuses da liña Vigo-Miñor ao longo do ano?

Santiago de Compostela, 29 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 30/11/2023 09:25:17

Patricia Otero Rodríguez na data 30/11/2023 09:25:26

Eduardo Ojea Arias na data 30/11/2023 09:25:38



Á MESA DO PARLAMENTO

Gonzalo Caballero Miguez, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A ponte dos Remedios e a ponte das Partidas en Ponteareas implican un patrimonio histórico de gran relevancia e forman parte dos sinais de identidade deste concello; mais este patrimonio necesita máis fondos e atención para a súa conservación.

Co obxectivo de garantir a pervivencia e o bo estado de conservación deste patrimonio destes elementos patrimoniais de relevancia histórica e cultural, o concello de Ponteareas é consciente da necesidade de máis atención e fondos, e así o votou no Pleno municipal.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai a Xunta de Galicia apostar por dedicar os fondos necesarios para realizar os traballos precisos para o mantemento da ponte dos Remedios e da ponte das Partidas, no concello de Ponteareas?

Santiago de Compostela, 29 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2023 09:36:31
Nº Rexistro: 62833
Data envío: 30/11/2023 09:36:31.554

Gonzalo Caballero Míguez na data 30/11/2023 09:28:49

Patricia Otero Rodríguez na data 30/11/2023 09:28:58

Eduardo Ojea Arias na data 30/11/2023 09:29:11

CSV: BOPGDSPG-1JB2RpDv6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
231095

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á necesidade da modificación do regulamento de control da pesca para evitar que leve á redución da frota galega e do número de empregos no sector.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de outubro foi aprobado o Regulamento de Control da pesca no Parlamento Europeo e polo Consello o día 13 deste mesmo mes.

Dende o primeiro momento após a aprobación da súa reforma pola Eurocámara, no ano 2021, o rexeitamento do sector pesqueiro galego foi patente nas distintas fases da súa tramitación. O texto provocou mobilizacións e o amarre da frota en varias ocasións onde manifestaron a súa protesta e o seu malestar coa nova normativa.

En moitos concellos galegos foron aprobadas mocións de apoio ás reivindicacións do sector pesqueiro e no Parlamento galego aprobáronse varias iniciativas por unanimidade onde se manifestaba a oposición ás medidas contempladas no Regulamento, sobre todo ás máis invasivas para a frota artesanal para a que se demandou un trato específico.

Agora, aprobado definitivamente, seguimos a considerar que o texto continúa sen recoller a singularidade da pesca galega e tampouco as súas demandas, incide no





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tratamento de todo o sector como sospeitoso permanente e como presunto delincuente e depredador dos propios recursos que lle dan sustento. Tampouco non ten en conta a hiperregulación xa existente e, co pretexto de contribuír á sostibilidade ambiental, económica e social das comunidades costeiras a longo prazo, obvia precisamente a escasa incidencia medioambiental da pesca artesanal e a súa grande importancia como xeradora de emprego nas poboacións costeiras das rexións altamente dependentes da pesca, como é o caso de Galiza.

O Regulamento apenas modifica as principais medidas establecidas dende un principio e tampouco as máis sensíbeis:

. Obriga a que todos os buques de máis de 18 metros, susceptíbeis de cometer incumprimentos, principalmente da obriga de desembarque, leven cámaras a bordo, sen definir cales son exactamente os “susceptíbeis de cometer incumprimentos” e estendendo a todos a incertidume. Ademais, queda a decisión dos Estados poder ampliar a cobertura de cámaras a buques de menos de 18 metros.

. Introduce dispositivos de control de potencia dos motores dos buques a partir de 2027, malia a que a potencia dos motores non incrementa a capacidade de pesca que xa está suxeita a TACs e cotas na inmensa maioría das pesquerías. Esta medida, que a propia poñente do Regulamento de Control cualificou nas recentes xornadas de Celeiro como inxusta, xa está a provocar alarma entre a frota, quen solicita a busca doutras solucións para a regularización.

. Xeneraliza o diario electrónico incluso, despois de 2030, para os buques de menos de 9 metros, rango no que se atopa a maior parte da frota de baixura e artesanal galega.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Modifica e uniformiza o réxime de infraccións e sancións, extremo este que está a xerar enorme preocupación na frota ao considerarse excesivas as infraccións catalogadas como graves e a incidencia directa que terían á hora de poder recibir axudas dos fondos FEMPA, xa que non só se impediría solicitar axudas durante cinco anos senón que, se se tivera recibido, debería devolverse con xuros de demora. É dicir, estaríase sancionando con retroactividade, cuestión tamén cualificada como “sangrante, inaudita e absolutamente inxusta” pola eurodeputada poñente do Regulamento de Control.

Chama a atención que, segundo a Subdirección Xeral de Vixilancia Pesqueira e Loita contra a pesca ilegal, a frota do Estado español ten un elevadísimo grao de cumprimento da normativa europea e, aínda así, se vaia ver afectada por este paquete de medidas totalmente desproporcionadas.

De feito, o aprobado no Regulamento, foi obxecto de queixa ao comisario de Medio Ambiente, Océanos e Pesca da UE por parte da Federación Nacional de Confrarías, quen lle solicitou ter en conta as peculiaridades das zonas e das distintas artes que se empregan, así como o apoio para poder adaptarse ás novas esixencias.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Que valoración fai o Goberno galego das medidas establecidas no Regulamento de Control da pesca, aprobado definitivamente en datas recentes?

. Que consecuencias cre que se poden derivar do mesmo para a frota pesqueira galega, nomeadamente para a artesanal?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai levar a cabo algún tipo de actuación para evitar que a aplicación do Regulamento provoque a redución da frota galega e do número de empregos no sector? De ser así, cales nomeadamente?

. Ten previsto a Xunta de Galiza exercer as súas competencias en augas interiores e, polo tanto, aplicar as súas propias medidas de control?

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 30/11/2023 10:16:13

Carmela González Iglesias na data 30/11/2023 10:19:07

Daniel Castro García na data 30/11/2023 10:19:11



Á Mesa do Parlamento

Katherinie Varela Fernandez, Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, María Felisa Rodríguez Carrera, Ana Belén García Vidal, Noelia Pérez López e Adrián Pardo López abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP-AECT) é un axente dinamizador e de interconexión para a eurorrexión. Un punto de encontro entre as institucións, empresas e cidadáns de ambos os lados da fronteira, para a promoción de intereses e obxectivos comúns.

Para conseguilo, a GNP-AECT perfíase como un axente encargado do establecemento de pontes de comunicación, de diálogo, de investimento e de converxencia entre veciños.

Forman parte de este organismo entre outros, persoas pertencentes o goberno galego e tamén da Comisión do desenvolvemento rexional do Norte de Portugal. Ten os seus orixes no ano 1991 e formouse como organismo no ano 2010. A súa misión é fomentar a cooperación e cohesión entre ambos territorios impulsando así melloras sociais, empresariais e culturais; aumentando a sinerxía para acadar con máis facilidade obxectivos en común e beneficios para ambos territorios.

Os membros de esta Agrupación reúnen con frecuencia para tratar aqueles temas de importancia para os obxectivos de crecemento económico e social de ambos territorios.

Este tipo de agrupacións son impulsadas a través do Parlamento europeo para facilitar as relacións entre as distintas rexións que comparten fronteira e proximidade para así sumar fortalezas e alcanzar con maior facilidade certos obxectivos que de maneira individual sería máis complicado.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular asinantes formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral:

-Cal é a actividade que ven desenvolvendo a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP-AECT)?





-Que balance fai a Xunta de Galicia despois do encontro das AETC ibéricas celebrado o pasado mes de novembro na cidade de Vigo?

Santiago de Compostela, 30 de novembro 2023.

Asinado dixitalmente por:

Katherinie Varela Fernández na data 30/11/2023 10:48:05

Paula Prado del Río na data 30/11/2023 10:48:23

María Sol Díaz Mouteira na data 30/11/2023 10:48:41

María Felisa Rodríguez Carrera na data 30/11/2023 10:49:00

Ana Belén García Vidal na data 30/11/2023 10:49:15

Noelia Pérez López na data 30/11/2023 10:49:29

Pardo López, Adrián na data 30/11/2023 10:50:27

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a creación dunha comisión para promover a homenaxe ao compositor galego Rogelio Groba Groba.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ponteareán Rogelio Groba Groba naceu na parroquia de Guláns, en Ponteareas, no ano 1930 e dedicou a práctica totalidade da súa vida á música, dándolle a Galiza un pulo importante no eido á chamada “música culta”. Primeiro como instrumentista na Banda de Música Unión de Guláns, logo como director da mesma con só 17 anos e de moitas outras bandas, coros e orquestras. Posteriormente exerceu como profesor no Conservatorio Superior de Música de A Coruña, do que foi director durante máis de vinte anos, e fundou varios conservatorios dentro da xeografía galega.

Pero o seu gran legado é o da composición. O Mestre Groba compuxo máis de 720 obras, moitas delas aínda sen seren estreadas, converténdose nun dos compositores máis prolíficos de todo o Estado español. No seu repertorio pódense atopar sinfonías, concertos, cantatas, suites, ballets, obras para coro, música de cámara, para piano solista, orquestra de cordas, banda sinfónica ou un réquiem e seis óperas.

Da súa discografía destacan as gravacións realizadas pola orquestra de Cámara de Stuttgart, que inclúen dúas das súas composicións, ou as realizadas pola London Symphony Orchestra, como o dobre CD da “Gran Cantata Xacobeá”, co coro London





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Voices ou o “Concerto para violín e orquestra nº 2 Confidencias”, co violinista Pedro León como solista, ambos baixo a dirección do propio Groba. Tamén cabe destacar as gravacións realizadas pola Orquestra de Cámara Galega con dous dos seus concertos e unha suite.

Autor de ensaios e libros, foi membro do Instituto José Cornide de Estudos da Coruña, da Real Academia Galega de Belas Artes, e da Real Academia de San Fernando, en Madrid. Ademais, dende o 2002 presidía a Fundación Rogelio Groba, clasificada “De interese cultural” e “De interese galego” pola Xunta de Galicia, e creada para protexer, estudar e difundir a obra do Mestre.

Desde 1990, Rogelio Groba dedicouse unicamente á creatividade musical, ámbito no que foi recoñecido co Premio Internacional de Composición Dante Luini organizado pola Radio Television Suisse Romande (1973), o Premio de a Crítica Gallega (1979), o Premio Xunta de Galicia de Cultura (1992), a Medalla Castelao (1995), ou o Premio Internacional de Composición Auditorio de Galicia (2004).

A proposta do BNG, e por unanimidade da Corporación Municipal, no ano 2005 foi nomeado Fillo Predilecto do Concello de Ponteareas. A súa vinculación con Ponteareas e coa cidade de A Coruña, onde residía, foi total ao longo de toda a súa vida, e unha constante no seu traballo compositivo. Entre a súa obra, destacan numerosas obras dedicadas ou inspiradas no seu Guláns natal e nos dous municipios.

Na última década, o vínculo con Ponteareas estreitouse grazas á xenerosidade de Rogelio Groba que quixo organizar o Festival Groba, un festival de excelsa calidade, referente no noso país e que na actualidade acadou consolidarse como epicentro anual da música de cámara.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No Concello da Coruña hai unha iniciativa incipiente de difusión da obra do Mestre que vai pola segunda edición en formato de ciclo de concertos "Noites na Cidade Vella" e todo indica que se será un evento de música clásica asentado na cidade.

Dende o 2016, Rogelio Groba conta cunha rúa en Ponteareas que leva o seu nome. No 2020 o Concello, en colaboración coa Fundación Rogelio Groba e coa Deputación de Pontevedra, editou dous libros que enxalzan e difunden a figura e vivencias do Mestre ponteareán. Así mesmo, foi proposto aos Premios Princesa de Asturias das Artes 2021.

O vindeiro 31 de decembro cumprírase un ano do seu pasamento e o 16 de xaneiro o aniversario do seu nacemento. Galiza debe estar a altura e dar un paso importante no recoñecemento á figura de D. Rogelio Groba Groba e á súa traxectoria.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

- Vai o goberno da Xunta a convocar unha Comisión, xunto coa Fundación Groba, que coordine a organización dun acto de recoñecemento da figura e obra do compositor galego Rogelio Groba no aniversario do seu pasamento ou do seu nacemento, o vindeiro 16 de xaneiro?

- Impulsarán o "Proxecto Groba" para poñer en valor a obra e legado do compositor, garantindo a súa presenza continuada e transversal nos Conservatorios de Música públicos e das agrupacións musicais galegas?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2023

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 30/11/2023 11:48:40

Mercedes Queixas Zas na data 30/11/2023 11:52:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación na que se atopa a FUNGA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai anos desde o G.P. do Bloque Nacionalista Galego vimos trasladando a nosa preocupación pola situación na que se atopa a Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA), especialmente, pola falta de persoal suficiente para atender con todas as garantías as máis de 3 mil persoas tuteladas, o reducido orzamento do que dispón a Fundación, así como os problemas derivados dunha pésima xestión por parte do Goberno galego que foron motivo mesmo de apercibemento xudicial en máis dunha ocasión.

Segundo os datos da propia FUNGA –publicados anualmente a través da súa Memoria de actividades-- contaba con 27 traballadoras e traballadores:

- 1 Dirección
- 1 Coordinación
- 8 Asesoría Xurídica
- 7 Traballo Social
- 10 Administración





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao longo dos últimos anos a Xunta de Galiza mesmo negou o acceso do grupo parlamentario nacionalista a información relevante como esclarecer a que residencias de maiores privadas estaban derivando persoas tuteladas pola FUNGA malia non cumprir co perfil de usuarias destes centros o que mesmo ocasionou modificacións de crédito da Consellaría de Política Social para pagar o diñeiro adebedado ás empresas propietarias.

Para o Bloque Nacionalista Galego non é de recibo nin a situación na que se atopa a FUNGA –menos aínda as persoas dela dependentes-- nin tampouco a actuación do Goberno do Partido Popular ao respecto.

De feito, nestes días, unha entidade social (Paideia Galiza) denunciou publicamente a falta de recursos da FUNGA e as consecuencias sociais que conleva para as persoas tuteladas así como a inacción da Xunta de Galiza diante das súas reiteradas denuncias.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Cre a Xunta de Galiza que a situación na que se atopa a FUNGA garante os dereitos das máis de 3 mil persoas adultas tuteladas polo Goberno galego?
- Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para dotar a FUNGA dos recursos humanos, materiais e económicos necesarios e en que prazo de tempo?

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 30/11/2023 12:05:18

Iria Carreira Pazos na data 30/11/2023 12:08:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª** .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desmantelamento da Atención Primaria ten un efecto sobre inapelable sobre a poboación e máxime sobre a poboación do rural. Neste momento a dificultade de cobertura das ausencias, sobre todo, do persoal facultativo está a deixar sen asistencia sanitaria a zonas enteiras do territorio.

Estamos a falar dos concellos de Negueira de Muñiz e a Fonsagrada, que ata hai algún tempo compartían un profesional que pasaba consulta 2 días á semana en Negueira e os outros 3 na Fonsagrada e co que agora mesmo non contan, segundo parece por imposibilidade de atopar cobertura.

Así mesmo, outro Facultativo do Centro de Saúde da Fonsagrada estará xubilado en apenas un mes, polo que podemos presumir que tampouco será cuberto, e isto ten repercusión tamén na dotación de persoal do PAC da Fonsagrada debido a que este profesional fai voluntariedade no PAC. Isto supón que de 4 médicos que forman o equipo do PAC pasen a quedar 2.

O concello máis grande de Galiza pasará de ter 5 médicas a quedarse de repente con 3, co agravante de que un deles tamén se xubilará en pouco tempo. Tres facultativos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para a atención de case 4000 habitantes distribuídos polos concellos da Fonsagrada e Negueira, un territorio inmenso que se atopa a moitos km de distancia de outros lugares nos que poidan recibir asistencia sanitaria. Sábeno ben no concello porque xa están indo a Becerreá facer placas ou a fisioterapia, a pesares de telo reivindicado durante moitos anos.

Isto pode supoñer unha grave perda de calidade na asistencia sanitaria para esta poboación, que máxime na Fonsagrada ten unha elevada media de idade e polo tanto máis risco de sufrir pluripatoloxías e telas menos controladas o que sen dúbida incrementa o sufrimento das persoas e o gasto sanitario a un tempo.

A Atención Primaria está directamente relacionada coa esperanza e a calidade de vida da poboación, a continuidade da asistencia e o acceso a atención sanitaria evita visitas a urxencias e ingresos que desborden a atención hospitalaria, máxime cando esta elevada media de idade dificulta que as persoas poidan desprazarse de xeito autónomo para conseguir esta asistencia.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Que determinación van tomar para a dotación inmediata do persoal médico no CS da Fonsagrada e do PAC?

Como consideran que repercute na poboación a escaseza de persoal facultativo nos 2 concellos mencionados?

Usaron tódolos recursos posibles para conseguir cobertura dos 2 postos de persoal facultativo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De non seren capaces de cubrir estes postos como pensan resolver esta situación de perda de medios para a atención primaria?

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 30/11/2023 12:52:57

María Montserrat Prado Cores na data 30/11/2023 12:55:21

Olalla Rodil Fernández na data 30/11/2023 12:55:45



Á MESA DO PARLAMENTO

Noelia Otero Lago, Noa Díaz Varela, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Dende hai aproximadamente dous meses, e coincidindo co convite a “cañas” do Partido Popular, o presidente Rueda vai aparecendo de maneira periódica en diversos programas de entretemento e divulgativos da Televisión de Galicia, que curiosamente coinciden cos diversos targets de votantes.

Así, a comezos de outubro o presidente da Xunta de Galicia foi o protagonista do programa ‘Land Rober’ e unhas semanas máis tarde de ‘Os nosos maiores’.

Tamén o autobús da campaña preelectoral do Partido Popular está a ser obxecto de cobertura informativa e é aquí, nos espazos informativos, onde se ten producido un exemplo evidente de manipulación ao presentar a xira política do señor Rueda como un acto de Presidencia.

O domingo 16 de novembro o telexornal contaba a chegada a Cangas do bus de Galicia Non Para! Asegurando que “os veciños que se achegaron ao paseo marítimo puideron trasladarlle ao presidente da Xunta as súas inquietudes. Era a primeira vez que o autocar facía parada na Península do Morrazo desde que comezase esta xira por Galicia”. A información debe ser clara e veraz e esta noticia obviou e silenciou situar que Alfonso Rueda protagoniza esta xira como candidato do PP á reelección e non como presidente galego, e poñendo o foco “na súa proximidade” cos veciños e veciñas.



A Lei dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia establece a obriga de garantir os valores de pluralismo, veracidade e accesibilidade a fin de contribuír á formación dunha opinión pública informada, e prevé a regulación da organización e o control parlamentario dos medios de comunicación social de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia. Para iso, para garantir a necesaria independencia, obxectividade e veracidade da información a lei establecía a aprobación e creación dun estatuto profesional da Corporación RTVG que contempla asemade a posta en marcha dun consello de informativos, mandatos básicos incumpridos sistematicamente que evitarían a reiteración de contidos como o citado que faltando a veracidade agochan baixo o paraugas de información contidos de propaganda política e electoral do Partido Popular.

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Considera o Goberno galego que os nosos medios públicos están a cumprir a Lei 9/2011 no referido a imparcialidade e pluralismo democrático logo das últimas aparicións do actual presidente da Xunta de Galicia e candidato ás próximas eleccións autonómicas en programas de diversa índole da TVG e especialmente nos espazos informativos onde se da cobertura como presidente da Xunta a actos electorais do Partido Popular?

Santiago de Compostela, 29 de novembro do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 62870
Data envío: 30/11/2023 15:36:00,323

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 30/11/2023 10:33:51

Noa Susana Díaz Varela na data 30/11/2023 10:34:01

Paloma Castro Rey na data 30/11/2023 10:34:14

Pablo Arangüena Fernández na data 30/11/2023 10:34:25

CSV: BOPGDSPG-1JB2RpDv6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
231114

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 3ª**.

Tendo en conta o contido da lei de medidas fiscais e administrativas que a Xunta de Galicia presenta como acompañamento á Lei de orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para 2024, a deputada e o deputado que asinan querén coñecer a resposta á seguinte pregunta:

Cal é o modelo eólico do Goberno galego na actualidade?

Parlamento de Galicia 30 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data **30/11/2023 12:56:11**

Gonzalo Caballero Míguez na data **30/11/2023 12:56:22**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación do centro de saúde de Santa Comba.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Santa Comba conta cuns servizos sanitarios que se atopan nun estado extremadamente precario.

A infraestrutura do centro de saúde, na que se engloba o PAC que presta asistencia a este concello e a Mazaricos, presenta a día de hoxe numerosas eivas que comprometen o benestar tanto do persoal coma da veciñanza que se achega ao mesmo. O tellado está en mal estado, con moitas das tellas rotas que provocan humidades e goteiras no interior do centro. Ademais, o seu mal illamento non só se traduce nestas filtracións de auga, senón que chega a dificultar a actividade diaria polo ruído da auga a bater na cuberta, que entorpece o entendemento nas consultas e na área administrativa.

A climatización do centro tamén é defectuosa, con áreas que no verán acadan altas temperaturas e outras que, a pesar da calefacción, permanecen frías todo o ano, o que provoca que moitas profesionais acaben traendo radiadores e calefactores para ter unha temperatura minimamente axeitada. Unha calefacción que funciona a base de pellets e que xa leva provocados varios sustos no centro, obrigando a abrir fiestras e ventilar, mais tamén a desaloxar o centro ou unha parte del, ou tamén incluso, a solicitar a presenza do equipo de bombeiros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os espazos do centro son escasos para a asistencia que prestan, de xeito que as consultas son compartidas en moitas ocasións: as consultas de farmacia e nutrición realízanse nas dependencias do PAC, a de traballo social ten lugar na consulta de odontoloxía, e para as clases de educación maternal é necesario botar man dunha sala de reunións que non permite o seu correcto desenvolvemento. Incluso chega a terse acumulada nos corredores durante anos información confidencial, historias clínicas que aínda están en papel, e que deberían atoparse nun arquivo nas debidas condicións que esixe a lexislación.

Ademais, este é un centro docente que recibe cada ano 3 novas facultativas MIR sen contar con ningunha consulta para elas, de xeito que a súa formación e a adquisición de maiores competencias queda supeditada a ausencias puntuais do persoal que poidan producirse para poderen contar con ese espazo. Tamén presenta eivas o mobiliario, por exemplo, cun sillón de odontoloxía en mal estado ou coa falta de persianas ou cortinas que garantan a intimidade das consultas.

Todo isto no contexto de que a día de hoxe o SERGAS aínda non asumiu a titularidade deste centro de saúde.

Mais as eivas non se limitan ao estado da infraestrutura, senón que o persoal tamén está a denunciar a sobrecarga de funcións e de traballo, por exemplo, pola utilización sistemática da figura da intersubstitución para suplir as ausencias, pois non se cobren de xeito reiterado estas faltas, independentemente do motivo que as provoca.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– É consciente o goberno galego da situación na que se atopa o centro de saúde de Santa Comba? Considera que está garantida a salubridade e a seguridade das traballadoras e das pacientes que se achegan a este centro sanitario?

– Dada a manifesta falta de espazos e consultas que hai neste centro, cales son as medidas que se teñen posto en marcha para incrementalos?

– Tendo conta de que se trata dun centro docente, considera que as MIR que se están a formar actualmente en medicina familiar e comunitaria poden ter unha formación axeitada sen contaren cunha consulta na que poidan traballar e atender a pacientes pola súa conta?

– Que opinión lle merece ao goberno galego que haxa historias clínicas en papel amoreadas en caixas nos corredores no lugar de estar nun arquivo axeitado no que se garanta tanto a súa preservación como tamén a súa confidencialidade? Por que non se ten efectuado este traslado?

– Cal é a razón pola que o goberno galego non ten asumido a titularidade deste centro de saúde?

– Ten previsto o Sergas algún incremento de persoal neste centro para garantir a asistencia sanitaria da poboación e evitar a sobrecarga laboral das traballadoras?

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2023

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 30/11/2023 18:06:48

María Montserrat Prado Cores na data 30/11/2023 18:08:27

Olalla Rodil Fernández na data 30/11/2023 18:08:45





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

